Identificar (auditiva e visualmente), describir e clasificar os instrumentos, voces e as súas agrupacións, estudando as súas características e a súa evolución ó longo da historia da música.	(<i>idem</i> que na avaliación)	Repaso ás fontes documentais, visionado e audición dos instrumentos e das voces. Temporalización: 4 horas

2.6.2.2 Contido: A audición musical e a utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.

Este contido tratarase en conexión coas formas musicais (v. 2.6.1.3), instrumentos e voces (v. 2.6.2.1) e perspectiva histórico-cultural (v. 2.6.3.2).

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Criterios de avaliación	Aprendizaxe	Mínimos	Actividades e temporalización
<p>a) Ler e analizar partituras como apoio á audición.</p> <p>b) Valorar o silencio como condición previa á escoita.</p> <p>c) Recoñecer auditivamente e determinar a época ou o contexto ó que pertencen as distintas obras musicais, identificando e describindo instrumentos, voces, contexto histórico-cultural e elementos e formas da organización e estrutura musical (forma, ritmo, melodía, textura, repetición, imitación, variación, etc.) das obras musicais propostas.</p>	<p>a) Valorar e aplicar o silencio como elemento indispensable para a audición.</p> <p>b) Identificar e describir nas audicións propostas os precedentes compositivos, estruturas e formas de organización musical coñecidas previamente.</p> <p>c) Seguir e analizar partituras como apoio á audición</p>	<p>Apartados a) e b) da aprendizaxe</p>	<p>As mesmas que nos apartados mencionados.</p>

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

2.6.3 Bloque 3: Contextos musicais e culturais

2.6.1.1 Contido: A música no contexto audiovisual.

Craterios de avaliación	Aprendizaxe	Mínimos	Actividades e temporalización
<p>a) Comprensión da relación da música con outros ámbitos e disciplinas de carácter audiovisual: teatro, cine, televisión, etc.</p> <p>b) Definición e mostras de música incidental para teatro.</p> <p>c) Percepción e estudo dos conceptos básicos da música no cine: banda sonora (<i>soundtrack</i>) e música cinematográfica (<i>score of film</i>); música diexética e incidental.</p> <p>d) Comprensión e exemplificación do papel da música no cine mudo (función específicas, películas e compositores), e no cine sonoro (épocas,</p>	<p>a) Análise de exemplos que reflectan a relación da música cos ámbitos e disciplinas mencionados</p> <p>b) Distinguir e explicar as diversas funcións que cumpre a música no ámbito audiovisual ó longo do século XX.</p> <p>c) Recollida, creación e modificación de exemplos audiovisuais</p>	Non	<p>a) Exemplificación por parte d@ docente da función da música nos diferentes contextos mencionados.</p> <p>b) Aportación por parte do alumnado de información, traballos ou montaxes relativos os devanditos contextos.</p> <p>Temporalización: 24 horas</p>

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

<p>influencias, películas, compositores).</p> <p>e) Presentación de temas específicos como:</p> <ul style="list-style-type: none"> • compositores “clásicos” e especializados en cine; • uso cinematográfico de partituras clásicas; • a música nos diferentes xéneros (ciencia-ficción, western, cine musical, etc.). 			
---	--	--	--

2.6.4.2 Contido: A música en diversas épocas e culturas

Criterios de avaliación	Aprendizaxe e Mínimos	Actividades e temporalización
<p>a) Coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, ampliando e diversificando as propias percepcións musicais.</p> <p>b) Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características das diversas épocas da historia musical.</p> <p>c) Distinguir e caracterizar as grandes épocas da historia da música, incluíndo a identificación</p>	<p>(<i>idem</i> que na n a avaliación)</p>	<p>a) Fontes explicativas da música en distintas épocas e culturas: fundamentalmente aportadas pol@ profesor/a, inda que @s alumn@s poderán buscar algunhas por si mesmos.</p> <p>b) Explicación das épocas e culturas dende un punto de vista musical.</p> <p>c) Ilustración das épocas e culturas con audicións.</p>

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

dos exemplos musicais propostos		Temporalización: 4 horas
---------------------------------	--	---------------------------------

6.4.3 Contido: Valoracións e críticas musicais

Criterios de avaliación	Aprendizaxe	Mínimos	Actividades e temporalización
<p>a) Valoración, asimilación e emprego de conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou falar de música.</p>	<p>a) Utilizar diversas fontes de información para indagar sobre a música obxecto de valoración ou crítica, especialmente as novas tendencias a música popular, etc.</p>	Non	<p>Reflexión sobre o contido e elaboración de un traballo de información, valoración e crítica.</p>
<p>b) Reflexión sobre a difusión musical e especificamente sobre o seu papel en contextos rituais, publicitarios, etc.</p>	<p>b) Amosar interese por ampliar as preferencias propias e non limitándose a coñecer a música de consumo habitual e masivo.</p>		<p>Temporalización: 4 horas</p>
<p>c) Amosar interese e actitude crítica cara á música, valorando as propostas musicais dende diferentes puntos de vista: técnico, estético, social, económico...</p>			

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

6.5 Bloque 4: Música e tecnoloxías

2.6.5.1 Contido: Música e recursos tecnolóxicos actuais.

Criterios de avaliación	Aprendizaxe	Mínimos	Actividades e temporalización
<p>a) Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.</p> <p>b) Utilizar os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.</p>	<p>a) Coñecer algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.</p> <p>b) Participar nos diversos aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado das tecnoloxías.</p> <p>c) Utiliza a informática para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.</p>	<p>Non</p>	<p>a) Repaso dos conceptos tecnolóxicos básicos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -instrumentos electrónicos, -informática musical, -computador (conceptos básicos: tarxetas de son, son dixital: audio e M.I.D.I, tipoloxía do software musical. <p>b) Elaboración por parte do alumnado dun traballo informático que reflecta a relación da música coa ciencia e coa tecnoloxía.</p> <p>Temporalización: 6 horas</p>

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

7. Obxetivos específicos para 4º de E.S.O.

Debido a que os bloques de contidos previstos para este curso son basicamente os mesmos que o dos dous que o preceden, cómpre sinalar unha serie de obxetivos específicos para 4º da E.S.O.:

- Participar no traballo musical programado, tanto dentro como fóse da aula, de xeito individual e grupal, con actitude aberta, interesada e respectuosa.
- Fomentar a audición atenta, consciente e silenciosa das pezas utilizadas como exemplo, así como a capacidade de analizalas e adquirir un criterio musical propio e fundamentado
- Adquirir o vocabulario que permita a@ alumn@ explicar de forma oral e escrita os conceptos musicais previstos no programa.
- Valoración da necesidade de utilizar as novas tecnoloxías para a gravación, transmisión e reprodución de música.
- Fomento da lectura comprensiva daqueles textos que se refiren á música; esta actividade estará especialmente indicada no caso de que @ alumn@ aínda non sexa capaz de comprender ben o que le.
- Profundización na aprendizaxe da linguaxe musical partindo da práctica da lectura e interpretación de partituras realizada previamente.

8. Avaliación

2.8.1 Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar a tenor dos resultados.

En xeral, a avaliación inicial consistirá no establecemento dunha diagnose previa das capacidades, destrezas, motivacións e coñecementos que o alumnado posúe. Elaboraremos unas probas de contido teórico-práctico para tratar de captar as especificidades musicais do alumnado deste curso académico (de 2º da ESO a 2º de Bacharelato). Para o recién chegado, a proba como tal será tan só oral, e terá por obxecto tratar de establecer un punto de partida na organización das voces por grupo, ó tempo que, paralelamente, se elaborará unha breve enquisa de carácter escrito

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

e meramente descritiva e de recollida de información, na que eles e elas simplemente reflectan a súa formación musical previa.

Nas tres avaliacións posteriores (1º, 2º e 3º trimestres), os docentes determinarán a realización tanto de probas que verifiquen a adquisición dos contidos teóricos e conceptos propostos, como de exercicios e actividades baseadas na práctica e nas destrezas adquiridas. Ademais, observará e rexistrará diariamente as actitudes d@s alumn@s, valorándoas en relación coas normas de convivencia do Centro, as disposicións legais, a presente programación e o bó desenvolvemento da actividade docente na aula.

O porcentaxe da cualificación da teoría e da práctica musicais chegará ordinariamente a un 80% da puntuación total.

En ocasións, e se o profesorado o considera oportuno, poderase levar a cabo a valoración positiva do traballo musical realizado pol@ alumn@ fora da aula, como, por exemplo, a súa participación en actividades complementarias de tipo musical dentro do Centro (teclado, canto coral, grupo instrumental..).

Os pormenores da avaliación (criterios de avaliación, de cualificación, distribución de porcentaxes, revisións de probas, actividades de mellora, etc.), comunicaránselle de maneira explícita ó alumnado a primeiros de curso, de modo que en todo momento sexa coñecedor e consciente deste aspecto, i.e., de como está plantexada a orientación da súa valoración académica na materia de música nos distintos apartados previstos pol@s profesores/as deste Departamento.

A avaliación dos conceptos realizarase coa formulación de probas escritas, mínimo unha por avaliación (ou orais, si @ profesor/a o considera oportuno), nas que @s alumn@s acreditarán o seu coñecemento dos contidos conceptuais fixados en cada caso. Hai unhas consecucións mínimas detalladas que supoñen a superación desta parte.

Nas probas escritas, valoraranse tanto os coñecementos como a correcta expresión e redacción dos mesmos, así como a capacidade de definir axeitadamente e con linguaxe correcta os conceptos e, sobre todo aplicar ditos conceptos ós casos prácticos propostos.

Por outra banda, a superación de calquera das tres probas non significará de ningún xeito a superación de ningunha das anteriores (sobre a recuperación véxase o apartado correspondente).

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Con respecto a avaliación da práctica musical, se o número de alumn@s por aula o permite, farase un seguimento personalizado do traballo de cada alumn@, o que, á súa vez, permitirá efectuar unha avaliación case continuada do seu progreso académico. Isto será especialmente válido para avaliar as destrezas adquiridas na práctica musical. Este sistema require a realización de probas e/ou a observación e anotación por parte d@ profesor/a do traballo cotián desenvolvido pol@s alumn@s na aula. Dito traballo, especialmente apropiado para a avaliación da práctica musical, consistirá nas pezas ou exercicios interpretados (e ás veces escritos) pol@s alumn@s individual ou conxuntamente que serán rexistrados e valorados pol@ profesor/a para a súa posterior puntuación. Tanto no desenvolvemento de toda a materia programada como, especialmente, naqueles contidos nos que domine a práctica, @ profesor/a terá en conta ó avaliar a@ alumn@ a súa actitude cara a materia, a nivel de implicación e responsabilidade nela.

Non só se avaliará o nivel obtido pol@ alumn@ nas destrezas musicais mencionadas, senón tamén, e de maneira preponderante, o progreso relativo observado de acordo cos resultados da avaliación inicial e a habilidade espontánea ou natural posuída por él/ela. Con iso, o docente terá unha idea bastqnte exacta do esforzo realizado pol@ alumn@ para a consecución dos obxectivos propostos. Avaliarase, pois, o progreso relativo de cada alumn@ á vista das súas capacidades previas, a súa atención e concentración durante os exercicios.

As actitudes tamén serán tidas en conta como condición necesaria (pero non suficiente) para a consecución dos obxectivos propostos, como sucede, por exemplo, coa valoración da necesidade de:

- escoitar en silencio as audicións e interpretacións feitas na aula;
- atender con concentración ás explicacións d@ profesor/a para comprender os conceptos;
- traer o material personal imprescindible;
- respectar as actividades propostas polo docente, así como as levadas a cabo polos demais integrantes do grupo sin interrompilas;
- acatar as normas de convivencia; e
- cantas outras actitudes cara a materia sexan imprescindibles para que tódol@s alumn@s exerzan o seu dereito a recibir a formación prevista nas mellores condicións.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

A avaliación das actitudes segundo se describen require a observación e anotación por parte d@ profesor/a das actitudes (positivas ou negativas) manifestadas pol@s alumn@s na aula.

@ profesor/a porá especial interese no rexistro da actitude que cada alumn@ manifesta cara a materia na aula e noutros ámbitos onde se desenvolvan as actividades propostas polo Departamento. Fomentaranse as actitudes positivas mencionadas (respecto, atención, interese, posesión do material en bo estado, colaboración, responsabilidade, etc.). Por outra banda, tratarase de reconducir as actitudes negativas que puideran xurdir en orde a que non se resinta o bo funcionamento do grupo.

A porcentaxe de cualificación da actitude respecto á nosa materia de cada alumn@, será ordinariamente dun 20% da puntuación total. As faltas percibidas como “graves” respecto a este apartado, (i.e., aquelas accións ou expresións que afectan á dignidade das persoas, á súa integridade física, ou que interrompen reiteradamente a actividade normal dos compañeiros, etc., e tamén as que non recoñecen as competencias que a lei confire ao/á profesor/a no marco legal vixente da comunidade educativa). Neste caso, máis alá do 20% estipulado, se notificaría ó/á profesor/a titor/a, ó Xefe de Estudos, así como á familia d@ afectado, en cumprimento coas NOF no noso Centro, e se levarán a cabo as accións que neste ámbito se consideren pertinentes.

A AVALIACIÓN FINAL CURSO 2019-2020

Dadas as actuais circunstancias derivadas das medidas adoptadas polo Goberno respecto á pandemia do COVID-19, e seguindo as instrucción da Consellería de Educación ó respecto, a avaiación final dos alumnos de 2º a 4º da ESO seguirá as seguintes pautas:

- 1) Terá o curso automaticamente superado todo aquel alumnado que resultara avaliado positivamente na 1ª e 2ª avaliacións. A súa cualificación final será o resultado da media aritmética desas avaliacións + valoración extra pola actitude cara a materia e a regularidade, corrección e esmero no traballo desenvolvidos durante o tempo de confinamento. Esta puntuación a engadir irá ata un máximo de 1.5 puntos.**

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

2) Alumn@s con algunha avaliación suspensa: persoalmente se lles comunicará que contidos esenciais deben recuperar, como recuperalos, e en que prazo de tempo. Trátase de elaborar unha selección das aprendizaxes básicas, en reforzo e previsión para o curso que ven.

No momento de entregar este documento, tod@s @s alumn@s que están nesta situación teñen xa todas as pautas para recuperar de maneira sinxela e eficaz a materia que lles corresponde, según as súas particulares lagoas.

A avaliación final do alumnado que se encontra neste segundo suposto, resultará da media aritmética entre a nota da avaliación que teña superada (se é o caso) máis o resultado da recuperación da materia pendente. Ademais, pode engadir puntuación extra co traballo que seguimos a facer virtualmente, que se sumaría exactamente igual ca no caso do alumnado especificado no apartado 1).

Se tivera as dúas primeiras avaviacións suspensas, a nota desta avaliación será a que acade na recuperación das partes que se lle indican. Se realiza os traballos desta última etapa, se engade a puntuación extra que lle corresponda na súa cualificación final.

2.8.2 Alumn@s con estudos musicais previos

O alumnado que posúan coñecementos e habilidades musicais adquiridas á marxe do ensino obrigatorio (conservatorios, academias de música, clases particulares..) deberán traballar os exercicios prácticos e adquirir os coñecementos especialmente establecidos pol@ docente de acordo co seu nivel musical; con iso deberán demostrar o seu interese por experimentar un progreso relativo con respecto ao seu nivel de partida avaliado previamente. Dito interese poderá expresarse tamén coa participación deste tipo de alumnado cantando partes solistas, tocando acompañamentos instrumentais, etc.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

2.8.3 Instrumentos de avaliación

2.8.3.1 Primeiro ciclo de E.S.O.

En 2º de E.S.O., realizaranse as probas que a continuación se refiren:

- a) prácticas (lectura de partituras, interpretacións vocais e instrumentais),
- b) teóricas (nivel escrito-competencia lingüística),
- c) de instrumentos (con audición) e
- d) colectivas (pequenos traballos en grupo).

@ alumn@ deberá superar as probas indicadas nos apartados a), b) e c) para ter unha calificación positiva na avaliación correspondente. As probas colectivas suporán un 20% da nota da avaliación, matizando a porcentaxe segundo o traballo individual de cada alumn@.

As probas prácticas poderanse realizar sen aviso previo (varias por avaliación), mentras que para as teórico-escritas fixarase unha data (unha por avaliación). Nas devanditas probas escritas de 9 ou 10 preguntas sobre a materia sobradamente coñecida polo alumnado, será necesario superar 6 delas para aprobar; as preguntas non aptas, deberán recuperarse para considerar superada esta parte.

A proba sobre instrumentos musicais, con audicións, farase na segunda avaliación.

As probas colectivas consisten na execución e grabación das cancións ou pezas traballadas na aula, na que participa todo o grupo con canto, percusión Orff, piano, guitarra, frautas, etc. Ademais de pequenos traballos sobre temas destacados ou aspectos dos mesmos, que incluírán unha exposición-presentación oral diante d@s compañeir@s.

2.8.3.2 Segundo ciclo de E.S.O.

Os instrumentos de avaliación serán de **tres tipos**:

- a) probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado,
- b) exercicios e actividades prácticas que demostren a asimilación e aplicación dos coñecementos e as destrezas musicais adquiridos,

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

c) observación pol@ profesor/a das actitudes d@s alumn@s cara á materia, na súa relación coas persoas presentes na aula e o traballo e actividades de formación nela realizadas.

Os instrumentos de avaliación expostos de xeito mais concreto serán **os seguintes**:

1. probas escritas (como mínimo unha por avaliación) valorando tanto os coñecementos adquiridos como a correcta expresión escrita dos mesmos;
2. probas orais realizadas con frecuencia verificando os devanditos coñecementos, a súa correcta expresión e a atención e o seguimento cotián das clases polo alumnado;
 - probas auditivas de recoñecemento, análise, comentario, contextualización, etc., sobre as pezas musicais propostas para a escoita, expresándose as devanditas actividades de forma oral ou escrita;
3. exercicios interpretativos e creativos para valorar as destrezas, a técnica e capacidade do alumnado de producir música, vocal e instrumentalmente; estas probas poderán ser:
 - plantexadas pol@ profesor/a para seren feitas na duración máxima de unha sesión lectiva, ou
 - consistir en pezas ou exercicios propostos con antelación, interpretados pol@s alumn@s ó longo de unha serie de sesións lectivas e contabilizados e pol@ profesor/a para a cualificación a medida que se realizan correctamente;
4. observación e anotación das actitudes do alumnado respecto á materia, da súa relación respectuosa cara as persoas así como no seu interese polo traballo e actividades de formación nela realizadas; atenderáse especialmente á:
 - escoita atenta, concentrada e silenciosa das explicacións, audicións e interpretacións feitas na aula,
 - respecto á actividade d@ profesor/a e dos demais alumn@s evitando as interrupcións innecesarias;
 - traer o material didáctico que se indique;

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- acatamento das normas de convivencia do Centro, as disposicións legais, a presente programación e as pautas concretas establecidas pol@ profesor/a para o adecuado desenvolvemento da actividade docente na aula;
- amosar interese polos contidos a través da linguaxe, tanto escrita como oral e incluso non verbal ou xestual;
- poñer en práctica cantas actitudes se requiran coa fin de que tod@s @s alumn@s podan exercer o seu dereito a recibir a formación prevista nas mellores condicións.

2.8.4 Procedementos de avaliación e criterios de cualificación

De acordo coas tres categorías sinaladas no apartado relativo ós instrumentos de avaliación, establécense paralelamente tres procedementos para a realización da devandita avaliación:

- a) valoración das probas que verifiquen a asimilación dos contidos por parte do alumnado;
- b) valoración dos exercicios e actividades prácticos que demostren a aplicación dos coñecementos e as destrezas musicais adquiridos;
- c) valoración polo profesorado das actitudes do alumnado cara á materia, observando a súa relación coas persoas presentes na aula e o traballo e actividades de formación nela realizadas.

Os criterios de cualificación comunicaránse aos alumn@s ó comezar o curso, de modo que estes saiban como van ser valoradas as suas probas, actividades e exercicios e actitudes concretas cara a materia.

O **primeiro criterio** refírese á porcentaxe da cualificación correspondente ás tres categorías sinaladas:

a) a cualificación das probas teóricas mais os exercicios e actividades prácticas chegará ordinariamente a un 80% da puntuación total (valorando por igual cada unha das probas, indistintamente);

b) a cualificación das actitudes d@ alumn@ constituirá ordinariamente o restante 20% da puntuación total; a fixación desta porcentaxe (conxunto de actitudes cara a materia) será tida en

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

conta como condición necesaria, pero non suficiente, para a consecución dos obxectivos propostos;

O **segundo criterio** reflicte o modo de valorar as probas teóricas ou conceptuais:

- a) prantexarase como mínimo una proba formal, escrita, en cada trimestre;
- b) cualificaranse a corrección dos contidos e tamén a adecuada expresión dos mesmos, debendo empregar o vocabulario apropiado para comunicar conceptos musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade;
- c) a superación dunha das tres probas trimestrais non significará a superación automática dalgunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas serán específicos.

O **terceiro criterio** refírese á cualificación das actividades e exercicios de práctica musical:

- a) as diferentes actividades e exercicios de práctica musical serán poderán ser prantexados tanto en probas formais como, sobre todo, de xeito cotián ó longo do curso;
- b) prantexaranse os exercicios adecuados a cada alumno ou grupo de alumnos, valorando principalmente o progreso relativo observado de acordo cos coñecementos e destrezas previas, considerando tamén o factor natural (innato) que cada alumn@ posee;
- c) valorarase a atención e concentración d@ alumn@ durante os exercicios, como mostra do seu interese;
- d) puntuarase particularmente a correcta execución da actividade, i.e., o nivel acadado na execución a nivel técnico e artístico-expresivo;
- e) en ocasións poderáse levar a cabo a valoración positiva (exclusivamente) do traballo musical realizado pol@ alumn@ fora da aula, como, por exemplo, da súa participación e colaboración en actividades complementarias (canto coral, grupo instrumental, grupo expresión corporal, actividades cos máis pequenos no seu tempo libre...). Tod@s terán esta oportunidade, se é o caso, que será de libre asistencia e en ningún caso suporá perda algunha de puntuación. A valoración máxima deste aspecto sería de 1 punto global, se @ alumn@ non acadara xa a nota máxima. A puntuación deste tipo de actividade sería informada previamente ó alumnado, para o seu coñecemento. É un recoñecemento ó seu esforzo solidario e altruísta, así como unha maneira de completar a nota global sen pasar probas específicas.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

O **cuarto criterio** reflicte o modo de valorar as actitudes d@s estudantes cara a materia, na aula e no Centro:

a) a avaliación das mesmas, requirirá da observación e rexistro por parte do profesorado das actitudes, positivas ou negativas, manifestadas pol@s alumn@s neste proceso de ensino-aprendizaxe;

b) por parte d@ docente reforzaranse as actitudes positivas e corrixiranse as negativas;

c) a posta de manifesto e sanción das actitudes negativas levaranse a cabo coa perda parcial da puntuación prevista (podendo ir ata o 20% sinalado anteriormente), aplicando unha perda proporcionada a cada caso; todos @s alumn@s terán asignada en cada trimestre o devantido 20% que perderán progresivamente se amosaran reiteradas actitudes negativas cara a materia;

c) se a actitude obxecto de sanción tivese a xuízo d@ profesor/a un carácter grave ou fose claramente reiterada, a tipificaríamos como “falta grave”; faltas graves serían aquelas accións ou expresións que afectan á dignidade das persoas ou á súa integridade física, que interrompen reiteradamente a actividade normal d@ docente e/ou d@s compañeir@s ou aquelas que non recoñecen as competencias que a lei confire ao/á profesor/a no marco legal vixente da comunidade educativa. Neste caso, informaríase a Xefatura de Estudos e ao/á titor/a, mais á familia d@ afectad@, e se aplicarían as medidas recollidas nas NOF a tal efecto.

2.8.5 Avaliación final e recuperación de materias pendentes.

2.8.5.1 Segundo de E.S.O.

Levaráse a cabo segundo o expresado no apartado 2.8.3.1

2.8.5.2 Terceiro e cuarto da E.S.O.

A cualificación final do curso será a media das tres cualificacións trimestrais, a condición de que as devanditas cualificacións sexan iguais ou superiores a tres puntos.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Dado que, como xa se especificou a propósito dos contidos teóricos, *a superación dunha calquera das tres probas trimestrais non significará de ningún xeito a superación automática dalgunha das anteriores, dado que os contidos de cada unha delas son específicos*, dedúcese, pois, que a nota da terceira avaliación pode ou non por coincidir coa cualificación final.

A recuperación dos devanditos contidos teóricos (probas escritas) das avaliacións primeira e segunda, levarase a cabo xunto coa proba escrita da terceira avaliación. Os contidos prácticos non suxeitos a unha proba puntual poderán recuperarse ó longo do curso para seren cualificados novamente na terceira avaliación. Dita recuperación farase realizando en cada avaliación os exercicios ou as pezas anteriores que aínda non foron presentados ó/á docente.

No caso do alumnado pertencente ó último curso da ESO, terase en conta de maneira especial esta circunstancia, de modo que aos/ás alumn@s que non teñan superada alguna das partes da materia, se lles facilitará e personalizará tanto o detalle da consecución mínima dos contidos como a adaptación do material o máis axeitadamente que sexa posible para cada un/ha, así como as orientacións necesarias para abordalo, co obxectivo de intentar garantir o éxito dos [afectad@s](#), procurando, na medida das nosas posibilidades, poñer ó alcance deste alumnado, todos os recursos que leven á superación da materia e, se as circunstancias así o aconsellan, a promoción e titulación correspondentes.

Pendientes na E.S.O.

Para a avaliación do alumnado coa materia pendente establécese o grao de consecución mínima dos contidos. Neste senso, as actividades de recuperación que se propoñan terán como finalidade acadar eses mínimos e a adquirir unhas habilidades a nivel vocal/instrumental que permitan a estas persoas integrarse no nivel académico seguinte sen lagoas significativas de base.

Para o grupo de PMAR o programa será en principio, este mesmo deseño de mínimos. De todos modos, agradamos ás primeiras reunións do Departamento para concretar e detallar estes aspectos (pendentes, PMAR, etc.) e poder así afinar os seus obxectivos conxuntamente coas características reais dos grupos que resulten. Sucede o mesmo co aspecto da temporalización dos contidos que nos resulta un tanto abstracto no momento da primeira recacción deste programa, dado que descoñecemos as características numéricas do alumnado que vai cursar as materia e que,

Departamento de Música

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

por propia natureza e procedemento, depende para a súa mellor organización daquel e outros datos de interese para concretar este aspecto.

Metodoloxía

Este apartado refírese ás estratexias, procedementos e accións organizados e planificados polo profesorado, de forma consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados a través dun proceso que contempla os diferentes ritmos de aprendizaxe.

A metodoloxía sustentase nas seguintes bases:

- presentación dos contidos tendo en conta a tipoloxía do alumnado: contexto socio-cultural, capacidades, coñecementos e estudos previos, etc.;
- adecuación dos instrumentos de avaliación á realidade conformada polos aspectos sinalados no apartado a);
- valoración do alumnado en base ós criterios de avaliación sinalados.
- seguemento, verificación, animación, apoio e corrección do traballo cotián do alumnado;
- fomento das actitudes positivas cara á materia (respecto, atención, interese, posesión do material, colaboración, puntualidade, asistencia a clase, etc.) e recondución das actitudes negativas en orde a que non se resinta o bo funcionamento do grupo; as devanditas actitudes negativas son todas aquelas que van en contra das normas de convivencia do Centro, das disposicións legais, da presente programación e do correcto desenvolvemento da actividade docente na aula.

Actividades extraescolares e complementarias

Dentro das actividades complementarias descritas no presente proxecto docente, merecen ser destacadas aquelas que se relacionan directamente cos contidos establecidos no currículo da E. S. O., como é a práctica vocal realizada durante o horario previsto para o canto coral e as sesións de aprendizaxe e desenvolvemento da interpretación instrumental, que axudarán a aqueles alumnos que as practiquen a ter contacto directo coa música, a incrementar a súa habilidade interpretativa, a

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

súa creatividade, e a formar paulatinamente un criterio musical propio e fundamentado no coñecemento e na experiencia.

Outras actividades que xa están tratadas á Vicedirección do Centro son a viaxe cultural a Londres, prevista xa dende o anterior curso para o 2º trimestre, elaborada en colaboración cos Departamentos de Historia e L. Galega. Os cursos en Oporto (Casa da Música e Fundación Serralves), así como diversas participacións en eventos musicais de diferente natureza, que van xurdindo a tenor do noso contacto co entorno musical (p.e., a mostra levada a cabo neste mes de outubro polo Quinteto do músico Carlos Barruso).

Un complemento especialmente adecuado para o traballo levado a cabo en calquera dos niveis da E.S.O., será a asistencia e participación en concertos, jam sesión, etc. nos que @alumn@ terá contacto directo con música interpretada en vivo, chegando a compartir escenario e experiencias con músicos da zona.

Contribución das materias de Música ó logro das competencias básicas

As competencias básicas permiten a resposta adecuada do alumnado en distintos ámbitos: social e cidadá. artístico e estético, científico e tecnolóxico, lingüístico e comunicativo.

A didáctica da música exposta nesta programación fundaméntase na consideración de que esta materia ten unha serie de importantes valores formativos que axudan a dar resposta nos ámbitos citados:

- a)** desenvolvemento de capacidades perceptivas, fundamentalmente auditivas, centradas nos distintos parámetros do son (altura, intensidade, tono e timbre);
- b)** fomento das habilidades expresivas que se poñen en xogo na interpretación musical (coordinación motriz ao tocar instrumentos, vocalización no canto, actuación ante os demais, etc);
- c)** formación dunha capacidade crítica ou valorativa sobre a música dende o punto de vista estético;
- d)** desenvolvemento da capacidade de aprendizaxe de códigos ou linguaxes diversas allás ao emprego habitual da lingua oral e escrita;

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- e) fomento da actividade práctica e non só puramente teórica ou conceptual na aula.

Así, as alumnas e @s alumn@s que rematen o ensino obrigatorio, acadarán os obxectivos educativos propios da área, pero tamén a través do contacto coa materia de música desenvolverán as competencias básicas seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como instrumento de comunicación de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da materia abórdanse visualizando películas e documentais, traballando os contidos de maneira oral e escrita. Dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtítuloado, ou directamente noutras linguas, profundízase sobre todo na lingua inglesa, pero tamén noutras linguas estranxeiras, destacando principalmente algunhas da nosa contorna (francés, italiano, portugués, ...).

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Competencia matemática

Esta competencia desenvólvese en música basicamente a través de dúas canles: por unha banda, a métrica, que vén artellada polas relacións de divisibilidade e proporcionalidade entre figuras (as figuras son representacións gráficas de duracións de diversas magnitude e a construción rítmica precisa da capacidade para solventar problemas aritméticos con fraccións), e, por outra banda, a medida da altura, a través das unidades ton e semitón, tendo que utilizar nesta materia de xeito constante o cálculo mental para obter resultados sinxelos de forma exacta.

Desta forma se manexan os elementos matemáticos básicos en situacións procedentes doutros campos de coñecemento, neste caso, do eido musical.

- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico

Mediante a execución de danzas e coreografías, conformadas a través de combinacións de movementos de distintos segmentos corporais con desprazamentos seguindo unha secuencia rítmica, actívase esta competencia. A meirande parte das danzas executadas son, ademais, colectivas, co que á parte de incrementar a calidade de vida dos individuos, melloran as relacións interpersoais.

Analizando o funcionamento da industria discográfica, incrementando o coñecemento dos elementos musicais e ampliando o repertorio de obras e cancións, trabállase tamén esta competencia, pois @s alumn@s aprenden a analizar a realidade, as mensaxes informativas e publicitarias e desenvolven un espírito crítico que os fará consumidores racionais e responsables na vida cotiá.

A aprendizaxe dos correctos hábitos de saúde auditiva e vocal e o estudo da contorna acústica son parte desta competencia básica, relacionada co coidado do ambiente, e coa protección da saúde individual e colectiva como elementos clave da calidade de vida das persoas.

- Tratamento da información e competencia dixital

Na área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. @s alumn@s e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz. Por outra banda, @s alumn@s traballan con programas informáticos de composición e edición musical, á parte de

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

- Competencia social e cidadá

Escoitando, tocando, cantando e analizando músicas de diversas culturas @s alumn@s e alumnas aprenden valores como a tolerancia, a apertura a novas formas de expresión ou o respecto e gozan co enriquecemento que supón o acercamento a diferentes realidades. Como cada día a nosa sociedade é máis plural, estas experiencias serven para favorecer a formación dunha conciencia cívica e para aprender a exercer a cidadanía democrática.

As manifestacións culturais actuais -e entre elas, as musicais- proceden en gran medida das achegas das diferentes culturas ao longo dos séculos. Comprender isto amplía a visión d@s alumn@s e alumnas, e favorece o desenvolvemento do sentimento de cidadanía global.

Noutra orde de cousas, nas interpretacións colectivas @s alumn@s e alumnas teñen que aprender a aceptar as normas que esixe toda actividade grupal cooperativa, co que se lles ensina a manter unha actitude construtiva, solidaria e responsable, algo indispensable para a convivencia democrática.

- Competencia cultural e artística

A través da escoita e interpretación de pezas musicais @s alumn@s e alumnas aprenden a achegarse, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

Por unha banda, durante a escoita, desenvolven a habilidade para apreciar e gozar coa arte, enriquecéndose con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura, pero, por outra banda, mediante actividades de composición e interpretación de pezas musicais, porán en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse a través de códigos artísticos e, na medida en que algunhas actividades culturais e artísticas supoñen en moitas ocasións un traballo colectivo, cómpre dispoñer de habilidades de cooperación para contribuír á consecución dun resultado final.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Competencia para aprender a aprender

Esencialmente a aprendizaxe de calquera instrumento musical desenvolve actitudes de autosuperación e autodisciplina, implicando a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos dende un sentimento de competencia ou eficacia persoal. Por todo isto, consideramos que @s alumn@s e alumnas estudando música aprenden a aprender.

- Autonomía e iniciativa persoal

Aprendendo a ler e interpretar partituras, aprendendo a diferenciar estilos e parámetros musicais en audicións, aprendendo a compondor e/ou arranxar pezas musicais, aprendendo a coordinarse nas interpretacións colectivas e nos traballos de investigación en grupo nos que cómpre facer repartos de tarefas, @s alumn@s e alumnas traballan as capacidades necesarias para o desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Cráterios xerais de avaliación en relación coas competencias básicas

De acordo coas competencias que, tanto as leis relativas ó ensino como as programacións (xeral do Centro e particular do Departamento) plantexan para o alumnado nos ámbitos citados anteriormente, establécense algúns criterios xenéricos de avaliación:

- valoración da capacidade comunicativa d@ alumn@, tanto oral e escrita como non verbal e, no ámbito específico da música, da expresión artística;
- como requisito previo para a expresión artística, valoración da sensibilidade previa que permite poñer en xogo os matices propios deste tipo de comunicación;
- valoración da capacidade de asimilar os códigos ou linguaxes requeridas, sendo necesaria no caso da música a atención especial á comprensión das partituras e audicións mediante as que o músico se expresa;
- observación e xuício d@ docente sobre a base matemático-científica que está na base dos fenómenos sonoros;
- valoración da capacidade de facer música non só individualmente, senón tamén en grupo.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Atención á diversidade

A diversidade será en primeiro lugar identificada de xeito o mais preciso posible, tanto pola observación directa da actividade cotián na aula como nas probas de avaliación previa ó comenzo do curso. Será igualmente importante a colaboración co Departamento de orientación do Centro, así como cos equipos de coordinación dos distintos niveis, para ter unha valoración adecuada da problemática plantexada tanto cognitiva como conductual ou de calquer outro tipo que poda xurdir.

A medida principal tomada pol@s profesores/as do Departamento será, por suposto, a adaptación dos contidos ós casos concretos que así o requiran. Tal recurso, utilizado especialmente co alumnado de 2º de E.S.O.-PMAR, consistirá no establecemento de grados de dificultade adaptados ás capacidades e perfil do alumnado, tanto teóricos como prácticos. A simplificación e flexibilización de planificación e execución de exercicios prácticos e probas escritas dará, por tanto, unha valoración mais axeitada do traballo e progreso d@ alumn@.

Con respecto á dinámica da clase, ésta terá que modificarse si a situación o permite. @s alumn@s con necesidades especiais disporán de momentos de atención personalizada por parte d@ profesor/a, utilizando éste recursos, materiais ou procedementos alternativos (audiovisuais, instrumentais, dinámica grupal, etc. para fomentar a axuda e colaboración entre compañeiros, etc.).

As características peculiares da área de música, o tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten o reparto por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno en particular. Así, partindo da primeira avaliación diagnóstica e da coavaliación d@ alumn@, axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado, pero motivando ao alumnado nas súas tarefas e traballando a prol da integración de todos os rapaces e rapazas. Así, para garantir un adecuado desenvolvemento do alumnado en función das súas necesidades educativas, se sinalan as **seguintes estratexias**:

Para alumnos con dificultades de aprendizaxe:

- Establecer mecanismos de reforzo a nivel organizativo e curricular.
- Realizar adaptacións curriculares que potencien o desenvolvemento das competencias básicas.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Modificar os obxectivos e criterios de avaliación en función das devanditas adaptacións curriculares.

Para alumnos con altas capacidades intelectuais:

- Flexibilizar a duración das etapas educativas.
- Facilitar actividades de ampliación

2.14 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

O currículo oficial reconece a importancia de promover o desenvolvemento de novas actitudes e valores. Por iso, contén un conxunto de ensinanzas que, integradas no propio programa das áreas, atravésano ou imprégnano. Reciben a denominación xenérica de ensinanzas comúns ou transversais.

Este documento amosa a integración das ensinanzas transversais nos obxectivos, nas competencias, nos diferentes bloques de contido e nos criterios de avaliación que se poderían plasmar na área de Música desta maneira:

Educación para a saúde

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenvolvemento de hábitos preventivos para coidar a saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na puberdade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

Educación moral e cívica

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítica dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.

Educación para a paz

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferenzas individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

Educación para a igualdade entre sexos

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre todos os membros do grupo.

Educación ambiental

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do contorno: causas e posibles solucións.

Educación para o consumo

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.
- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenvolvemento dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

2.1 MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN E OPTATIVA NA ESO

OBRADOIRO DE MÚSICA_1º ESO

Obxectivos

- Investigar as posibilidades sonoras do propio corpo (voz, percusión corporal), e crear un banco de sons que os estudantes poidan empregar na interpretación de fragmentos rítmicos, incluso na improvisación durante os mesmos.
- Ser capaz de moverse de forma coordinada co pulso dunha audición; de forma conxunta; segundo unha coreografía dada, e de aplicar os movementos aprendidos e outros improvisados para a creación en grupo doutras secuencias e coreografías.
- Coñecer os diferentes instrumentos da aula, pequena percusión e outros, e o seu funcionamento
- Tocar pequenas pezas instrumentais cos instrumentos de pequena percusión e láminas, de forma correcta, coa postura correcta e buscando unha sonoridade agradable e conxuntada co resto dos compañeiros e compañeiras.
- Manter a atención e ser capaz de discriminar elementos sonoros nas audicións propostas.
- Analizar de forma crítica diferentes propostas sonoras, así como valorar e apreciar a creatividade en diferentes versións da mesma peza. Cantar de forma correcta diferentes pezas monofónicas, populares, de diferentes culturas musicais, aplicando as indicacións dadas polo docente para unha correcta posición do corpo, e a respiración, emisión e colocación da voz.
- Improvisar pequenas secuencias rítmicas de poucos compases, con redondas, brancas, negras e corcheas, con percusión corporal e pequena percusión, de forma individual e en grupo.
- Explorar e improvisar pequenas melodías coa voz e cos instrumentos de láminas, seguindo as directrices dadas polo docente: dirección melódica, número de notas, base rítmica etc.
- Valorar e respectar as producións musicais dos compañeiros e compañeiras.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Utilizar os recursos informáticos e Internet de forma responsable, para a obtención de información e realización de actividades musicais dentro e fóra da aula.

Contidos

1. **Iniciación ao canto: respiración diafragmática. Postura correcta para o canto, emisión e proxección vocal. Exercicios e quecemento vocal progresivo.**
2. **Exploración da voz mediante xogos e actividades:** rexistros sonoros, diferentes timbres vocálicos, intensidade sonora, exercicios respiratorios, emisión vocal.
3. Interpretación de cancións en grupo, ao unísono ou octavadas, previa clasificación da voz.
4. **Interpretación axeitada de cancións,** cunha correcta pronunciación do texto e pronunciación idiomática (castelán, galego e inglés).
5. Exploración das posibilidades sonoras e rítmicas dos instrumentos dispoñibles na aula.

Procedementos

1. Creación de pequenas melodías cos instrumentos de láminas, a partir da improvisación sobre regras rítmicas e melódicas dadas polo docente, dentro do ámbito da oitava, e utilizando como elementos rítmicos, negras e corcheas.
2. Percusión corporal: exploración das posibilidades sonoras do corpo de forma rítmica. Imitación de patróns rítmicos. Creación de secuencias de dous compases con catro timbres diferentes.
3. Exploración dos instrumentos da aula (piano, batería, guitarra), para coñecer o seu funcionamento e execución básicos.
4. Audición de pezas, cancións, fragmentos sonoros, de diferentes xéneros e estilos, analizando, de xeito progresivo, os compoñentes tímbricos, rítmicos e melódicos.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

5. Representación mediante movementos e expresión corporal, de xeito progresivo, dos elementos sonoros analizados nas audicións.
6. Identificación do pulso e compás nas audicións realizadas, realización de exercicios rítmicos progresivos con percusión corporal e movemento, e pequenas coreografías coordinadas con ela.
7. Lectura melódica das notas da oitava central no pentagrama, e rítmica con negras, corcheas y silencio de negra.
8. O silencio como marco para a interpretación, a audición e a escoita activa.
9. Respecto e valoración das producións musicais propias e alleas.
10. Utilización da música, en calquera das súas facetas, como instrumento de expresión emocional, artística, intelectual, reivindicativa e social.

Temporalización

Os contidos da programación de Obradoiro de Música para 1º de ESO son de carácter progresivo, baseados na previa exploración, experimentación, asimilación e ampliación de recursos no campo da música. Esta é a razón pola que as unidades presentadas teñen como obxectivo seguir os bloques de contidos que establece o currículo oficial na materia de música en Primaria. Os bloques ós que nos referimos son: I. Escoita, II. Interpretación Musical e III. Música, Movemento e Danza. Así mesmo, incorpora tamén elementos que axudarán ó alumnado a prepararse cara a materia de 2º de ESO, que nos seus bloques de contidos, segundo o actual currículo oficial, presenta os que seguen: I. Interpretación e Creación, II. Escoita, III. Contextos musicais e culturais, e IV. Música e Tecnoloxías. Desta maneira, garántese a continuidade entre as dúas etapas e a coherencia de contidos neste Obradoiro de Música.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Unidades didácticas	Temporalización
• Exploración da voz	Setembro
• Iniciación á percusión corporal e pequena percusión	Outubro Novembro
• Movemento, audición e análise I	Decembro
• Canto ó unísono	Xaneiro Febreiro
• Continuación coa percusión	
• Movemento, audición e análise I (cont.)	Marzo
• Canto acompañado con bases pregravadas e instrumentos	Abril
• Continuación: instrumentos de percusión	Maio
• Movemento, audición e análise I (cont.)	Xuño

Metodoloxía didáctica:

Obradoiro de Música é unha asignatura de Libre Configuración para o alumnado de 1º ESO. Os e as estudantes que a escollan van adquirir uns coñecementos e unas experiencias que outros compañeiros e compañeiras do seu mesmo curso non van adquirir ata o curso seguinte, no que a música se impartirá con carácter obrigatorio. Isto non é senón outra vantaxe para mellorar o desenvolvemento da asignatura en 2º ESO, pois constatamos con frecuencia nas aulas unha base moi –mesmo demasiado- diversa por parte do alumnado, sumado a que por ser unha asignatura de carácter maioritariamente práctico, faise necesario contar cun alumnado predisposto a realizar este

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

tipo de actividades que sirva de guía ou estímulo para todo o grupo. Así, en 1º de ESO, o interese pola materia permitirá un clima propicio para a aprendizaxe, contando coa predisposición para as diferentes prácticas instrumentais e vocais. As **variadas características evolutivas, psicolóxicas e fisiolóxicas** deste alumnado, son de obrigada consideración á hora de programar e realizar as diversas actividades propostas na aula: desde os diferentes estadios no cambio da voz en que poidan encontrarse producidos polas alteracións hormonais que comezan a experimentar, así como contrastadas complexións e tallas corporais, **diferentes intereses, gustos e vivencias musicais**, xa que descoñecemos a súa traxectoria e práctica musical previa que traen da Educación Primaria.

Partiremos da **exploración e experimentación sonora** (iniciación á improvisación guiada polo docente), co corpo (percusión corporal), a voz, e todos os instrumentos de aula (pequena percusión, baquetas, láminas, batería, piano, guitarra, entre outros), así como para unha posterior **reflexión** acerca das súas características e posibilidades sonoras, utilidade, creatividade, así como o esforzo que require un dominio dos mesmos, e os beneficios que a práctica musical nos aporta, a nivel físico, mental e espiritual.

As **actividades** na aula serán **grupais**, nas que todos e todas aporten e enriquezan a produción final, e aquelas actividades que requiran dunha práctica individual estarán contextualizadas dentro doutra grupal (rotatorias). **As novas tecnoloxías serán recurso excelente para a práctica, a análise de audicións, vídeos, tutoriais, etc., que reforzan e complementan as actividades de ensino e aprendizaxe, así como para escoitar as propias interpretacións e autoavaliarse con elo.**

Materiais, textos e recursos didácticos

A aula está dotada de instrumentos musicais variados e dispositivos tecnolóxicos para o desenvolvemento de distintas actividades, así como dunha pequena biblioteca (na biblioteca do Centro) ao alcance dos estudantes. Nunha aula destas características, é importante fomentar actitudes e hábitos para o mantemento do material..

Tomando todo isto en consideración, as clases do Obradoiro de música levaranse adiante sen libro de texto. Usaremos repositorios online, tales como o Repositorio de Contidos Educativos

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

espazo ABALAR. O alumnado acudirá ás clases cun caderno musical e outro de toma de apuntamentos. Dependendo do caso, poderase pedir aos estudantes que traian unha fruta doce.

Nesta etapa de confinamento que empezon o 13 de marzo, limitaremos as actividades ás prácticas individuais vocais, levando a término o tema que deixaremos case a punto antes da marcha para as casas, e proponendo un repertorio ata final de curso. Paralelamente, e seguindo co espírito que tamén inspirou o Obradoiro de Música de 1º da ESO, ofrécese ó alumnado unhas referencias na rede, páxinas web específicas de linguaxe musical, para ir entrando en contacto de maneira voluntaria e lúdica con elementos musicais que avanza os contidos do próximo curso, no que a materia é xa obrigatoria.

Todas as indicacións están expostas dende o primeiro momento na web do IES xunto co correo electrónico da profesora, á que se lles encomenda que consulten calquera dúbida ou aclaración, ó tempo que lle envíen as audicións dos temas que vaian preparando.

Competencias clave

Esta materia contribúe de xeito directo á adquisición da **Conciencia e expresión e culturais** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e da contextualización de músicas de diferentes culturas e estilos. Pode potenciar así actitudes abertas e respectuosas, e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto ás distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos sociais e históricos aos que se circunscribe cada obra.

A orientación práctica desta materia, na que a expresión xoga un papel fundamental, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa, especialmente presentes en contidos relacionados coa interpretación, a improvisación e a composición, tanto individual como colectiva, que á súa vez estimulan a imaxinación e a creatividade. Por outra parte, unha mellor comprensión do feito musical permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Colabora ao desenvolvemento do **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**, mediante o traballo colaborativo ó que antes nos temos referido e á habilidade de planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades que requiren dunha planificación previa e da toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra parte, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes, factores clave para a adquisición desta competencia.

A música contribúe tamén á **Competencias sociais e cívica**. A participación en actividades musicais de distinta índole, as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. Por outra banda, a reflexión sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, dirixe a atención coa fin de xerar hábitos saudables. Ademais os contidos relacionados co uso correcto da voz e do aparato respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, proporcionan outra óptica fundamental para o desenvolvemento desta competencia.

A música tamén contribúe de xeito directo ó desenvolvemento da **Competencia dixital**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación de son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia.

Canto ó desenvolvemento da **Competencia para aprender a aprender**, a música potencia capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, ó tempo que desenvolve o sentido da orde e do análise. Por unha parte, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela, identificar os seus elementos e podela interiorizar nos seus aspectos máis significativos.

Respecto á **Competencia en comunicación lingüística** a música contribúe, igual que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora á integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e á valoración do enriquecemento que dita interacción xera.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Criterios de avaliación

- Utilizar os diferentes sons producidos mediante percusión corporal e coa voz, para a creación, improvisación e interpretación de pequenas pezas rítmicas.
- Identificar e marcar o pulso dunha audición, e integrar os movementos dunha coreografía de forma sincronizada con el (o pulso).
- Identificar todos os instrumentos da aula e como funcionan dun xeito básico.
- Interpretar sinxelas pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada, e con precisión rítmica e melódica.
- Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas (redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios), sonoridade maior e menor, timbres instrumentais e vocais, agrupacións, diferentes intensidades e velocidades.
- Analizar diversas producións sonoras, e comparar diferentes versións das mesmas, valorando a práctica e a técnica dos intérpretes, o esforzo e dedicación dos estudantes e profesionais da música.
- Cantar as cancións e exercicios propostos en clase de forma correcta en todo os procesos: postura, respiración, emisión e resonancia da voz.
- Improvisar pequenas estruturas melódicas e rítmicas a partir das indicacións do docente, coa voz, percusión corporal, pequena percusión, instrumentos de láminas, e demais instrumentos da aula.
- Realizar correctamente os exercicios propostos de xeito ordenado, coidando e respectando o material de clase: instrumentos, partituras, atrís, ordenador, etc.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Procedemento de avaliación.

1. Escoita

Instrumentos de avaliación.

- Exposición oral en grupo e posterior rexistro escrito das características musicais da peza analizada, en relación ó tempo, a tímbrica, a dinámica e estrutura formal elemental (repetición).
- Lectura individual de exercicios propostos: identificación das notas da oitava central, e recoñecemento das figuras básicas cos seus silencios correspondentes.
- Ler os exercicios propostos axustándose ao pulso.

Mínimo esixible para alcanzar unha avaliación positiva

- Identificación de, cando menos, dous parámetros musicais .

2. Interpretación musical

Instrumentos de avaliación.

- Execución das actividades de técnica de canto que se propoñan (quecemento, respiración, emisión voz, etc).
- Participación respectuosa na execución das pezas vocais propostas, poñendo interese na mellora da mesma.
- Interpretación dos exercicios rítmicos propostos para interpretar con percusión corporal ou con instrumentos de pequena percusión.
- Execución de sinxelas pezas de carácter instrumental aplicando unha técnica axeitada e respectando sempre o material.

Mínimo esixible

- Execución respectuosa das pezas propostas.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

3. Música, movemente e danza

Instrumentos de avaliación.

- Interpretación corporal de diferentes pulsos, ben seguindo un certo estilo de marcha, ben con outras fórmulas de percusión corporal sinxelas.
- Participación ordenada, e respectando as indicacións do docente, na elaboración e realización de pequenas coreografías.

Mínimo esixible

- Seguimento dos pulsos máis elementais.
- Participación nas actividades de expresión corporal propostas.

Critérios de cualificación

- Puntuarase sobre o 40% a participación nas probas de interpretación vocal e instrumental.
- Puntuarase sobre o 20 % a realización dos exercicios de audición e lectura.
- Puntuarase sobre o 40% os seguintes restantes apartados:
 - Unha actitude correcta, educada e respectuosa cara a materia.
 - Unha participación apropiada nas actividades, valorando a oportunidade e pertinencia das intervencións persoais, e respectando a todos os integrantes do grupo así como as súas producións musicais.
 - O emprego coidadoso do material musical utilizado.
 - A asistencia a clase e a puntualidade na realización das tarefas que se lles encomenden.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Neste momento, o 100% do alumnado de 1º tén superado o Oradoiro de Música, xa que non temos alumnado con avaliacións suspensas.

A cualificación final será, en primeira instancia, o resultado da media aritmética desas avaliacións.

Cada estudante terá a posibilidade de engadir unha puntuación extra ó resultado anterior, aportando as audicións individuais que dende o principio do confinamento se foron propondo, valorando a súa execución ata nun máximo de 1,5 sobre a media anterior.

Procedementos de recuperación de avaliacións pendentes

No Obradoiro de Música de 1º da ESO, por varias razón que nos convencen (un exíguo horario, primeiro momento de incorporación do alumnado ao instituto, a materia concebida como experiencia- ponte entre Primaria e Secundaria, etc), partimos da idea (salvo incomparecencia) do 5 como calificación base para todos @s alumn@s, calificación que obteñen polo simple feito de participar nas distintas actividades e propostas que se lle ofrezan, e facelo cunha actitude correcta cara a materia. Así pois, quedarán pendentes aqueles alumnos que ben non participen nas actividades (cosa absurda, xa que é unha materia optativa), que non asistan a clase, ou que teñan unha actitude negativa cara a materia. Nestes casos, elaboraránse unha serie de actividades espello das realizadas na aula de maneira que podan superar a materia de todos modos. Se isto non fora eficaz para esa fin, e de maneira excepcional, se substituirían por un único traballo escrito sobre algún personaxe ou evento musical de relevancia mundial.

Proba extraordinarias de setembro

Procederáse exactamente igual ca na convocatoria ordinaria de xuño, explicitada e xustificada no apartado anterior.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

ARTES ESCÉNICAS E DANZA

1.- INTRODUCCIÓN

A materia de Artes Escénicas e Danza debe dotar aos estudantes de coñecementos, técnicas e procedementos que lles permitan expresarse e crear artisticamente a través das linguaxes do teatro e da danza. Con este fin, os estudantes deben comprender e interpretar diferentes linguaxes escénicas, así como a evolución da historia do teatro e da danza ao longo dos séculos; saber mirar as artes escénicas e a danza, comprender a súa importancia e comprobar os cambios que se produciron no seu desenvolvemento; verificar e valorar a creación artística cando se pon ao servizo dunha arte específica, como a danza e o teatro; e xerar argumentos sobre os que se basean tanto o camiño percorrido polas artes escénicas como a danza e o seu espazo de apoio para unha formación integral: físico, estético e cultural.

Por outra banda, é fundamental que os estudantes tomen conciencia dos seus recursos expresivos e os desenvolvan na práctica, explorando os compoñentes do movemento (corpo, espazo, tempo, enerxía e interrelación); o desenvolvemento da túa capacidade de concentración, relaxación e autoconciencia corporal; a busca de excelentes niveis de equilibrio psicofísico; a aplicación do imaxinario para darlle forma ao seu comportamento; estimulando as súas habilidades de comunicación; a experiencia e recreación de situacións dramáticas diversas; explorar os seus recursos no campo da oralidade; e o desenvolvemento da sensibilidade rítmica e melódica a nivel corporal e vocal.

O coñecemento dos grandes cambios xurdidos nas artes escénicas e na danza é de importancia para a formación dos estudantes. Os alumnos e as alumnas deben ser conscientes de como as ideas subxacentes baixo as formas visibles (coreografía; danzas populares, preclásicas, clásicas e contemporáneas; conxuntos; bosquexos; figurinas; edificios teatrais e espazos para a representación; textos dramáticos; obras de teatro) no escenario, etc.) configurou múltiples formas de construír e representar as artes escénicas e a danza. Polo tanto, tamén deben comprender cada sociedade e cada época; comprender e saber que o interese da materia reside tanto en experimentar o potencial creativo expresivo e persoal como en comprender como se modificaron diferentes

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

aspectos da creación por circunstancias históricas, culturais, rituais, ambientais, técnicas, estilísticas ou simbólicas que cada pobo vai incorporando como expresión da súa forma de sentir e pensar.

A materia permite descubrir cos alumnos e cos estudantes, a través da súa propia experiencia, o desenvolvemento das súas capacidades artísticas creativas e interpretativas, estudando así os aspectos teóricos e prácticos da materia. A acumulación de referentes e a equipaxe de formación debe, finalmente, formar aos estudantes para poder afrontar o seu traballo cunha maior resolución, poder facer propostas máis brillantes e admitir diferentes interpretacións, mellorando as súas potencialidades e aumentando a súa percepción, observación, memorización e concentración, promovendo así a mellora da túa propia imaxe e a configuración da túa personalidade.

Trátase, en esencia, de contribuír á formación integral dos estudantes e ao enriquecemento do seu patrimonio cultural, ensinándolle a apreciar tanto a beleza das obras, como os espectáculos e as escenificacións que ilustraron as culturas pasadas e as que sustentan o noso século: o conxunto dun legado que, á súa vez, deben transmitir. Esta materia divídese en catro bloques: "Común", "Teatro", "Danza" e "Outras artes escénicas”.

2.- OBXECTIVOS

O ensino da materia de Artes Escénicas para 4º de ESO, terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Adquirir un coñecemento amplo, sólido e vivido dos conceptos básicos do campo das artes escénicas.

2. Comprender as características fundamentais das diferentes formas da representación escénica e do espectáculo, atendendo a diferentes posibilidades de materialización, nos planos técnico e estético.

3. Potenciar o estudo crítico da realidade artística e cultural mediante procesos de procura e análise de información, analizando as diferentes manifestacións da teatralidade, na perspectiva

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

sincrónica e diacrónica, e prestando especial atención ás manifestacións escénicas realizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Promover o traballo en grupo, favorecendo o coñecemento e a comprensión da identidade propia e da allea, así como da realidade social en que as identidades se conforman e desenvolven, a través dos procesos de expresión, creación e comunicación propios das artes escénicas.

5. Estimular e potenciar o desenvolvemento e perfeccionamento das capacidades expresivas, creativas e comunicativas, a través do traballo individual e en grupo, experimentando e investigando diferentes linguaxes, medios, códigos e rexistros.

6. Desenvolver as habilidades, capacidades e destrezas necesarias para responder con creatividade, orixinalidade e organización ante calquera estímulo, situación ou conflito no marco da ficción dramática e/ou escénica, utilizando os máis diversos recursos, técnicas, códigos e linguaxes.

7. Utilizar as artes escénicas para mostrar, de forma individual e colectiva, sentimentos, emocións, pensamentos e ideas, facendo especial fincapé nas problemáticas e conflitos que afectan o grupo ou a colectividade.

8. Recoñecer e utilizar, con rigor artístico e coherencia estética, as múltiples formas de producir, recrear, interpretar e presentar a acción escénica, e participar de forma activa no deseño, realización e representación de todo tipo de espectáculos escénicos, asumindo diferentes papeis, tarefas, funcións e responsabilidades.

9. Desenvolver a capacidade crítica necesaria para valorar, con rigor, precisión e coherencia, as producións escénicas propias e as alleas, recoñecendo e tendo en conta os seus presupostos artísticos, así como o contexto social, económico e cultural en que se producen, fomentando, dese xeito, unha recepción obxectiva e rigorosa.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

10. Valorar e gozar das artes escénicas como unha manifestación artística que forma parte do patrimonio cultural común dos pobos e participar activamente no seu mantemento, desenvolvemento e proxección.

3.- CONTIDOS

Os contidos da materia estrutúranse en cinco grandes bloques. O primeiro debe proporcionarlle ao alumnado unha visión de conxunto das artes escénicas en tanto manifestacións de natureza artística, social e cultural, que presentan unha considerable pluralidade, partindo de dúas perspectivas fundamentais: a histórica e a xeográfica, desde as que tomar conciencia da diversidade, na sincronía e na diacronía.

O segundo oríentase ao desenvolvemento das capacidades expresivas e creativas por medio dun conxunto de actividades cunha dimensión fundamentalmente práctica, que permitan a exploración, análise e utilización dos diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica.

O terceiro bloque ocúpase das destrezas, capacidades e habilidades expresivas coa finalidade de abordar a recreación e representación da acción dramática a partir dos máis variados estímulos, en proxectos de traballo orientados á construción de escenas en que se recreen todo tipo de personaxes, situacións e conflitos. O cuarto bloque ten carácter integrador, en canto nel van confluír as aprendizaxes realizadas nos bloques anteriores.

O proceso de traballo arredor das pautas de comentario, análise e interpretación de textos, sexan dramáticos ou doutro tipo, dos procedementos da dramaturxia e do estudo práctico das diferentes tipoloxías de espectáculo debe culminar coa realización dun proxecto global de posta en escena dun espectáculo concreto, establecendo e estruturando os elementos de significación que se utilizarán e as relacións entre eles.

Ese proceso de creación escénica tamén require da organización e planificación dos ensaios e dunha distribución de tarefas entre equipos de traballo diversos que se ocuparán da realización práctica do espectáculo. Trátase, pois, de exemplificar, con casos concretos, o camiño que leva do texto ao espectáculo, e o papel que terán que desempeñar os integrantes da nómina

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

teatral, coas súas funcións e responsabilidades. Por último, o quinto bloque está orientado ao desenvolvemento de competencias na análise, comentario e interpretación de espectáculos escénicos.

Partindo do concepto de público, e en función da evidente dimensión colectiva e social da recepción escénica, deberá abordarse o estudo dos instrumentos e estratexias analíticas propias do proceso de recepción a partir de casos prácticos que permitan organizar debates e confrontar opinións, coa finalidade de potenciar unha lectura reflexiva, crítica e colectiva do acontecer artístico e cultural, realizada con rigor e coherencia e prestando especial atención aos produtos escénicos xerados pola propia comunidade galega.

Cómpre potenciar por igual o saber, o saber facer e o saber ser, utilizando un amplo abano de coñecementos, técnicas, recursos e actividades que incidan favorablemente na adquisición dun capital cultural e dunha cultura escénica abundas. Ao mesmo tempo, a través das diferentes modalidades de expresión escénica pódese recrear todo tipo de problemas, situacións e conflitos, mentres que a análise e elaboración de discursos, sexan artísticos, ideolóxicos, sociais ou doutro tipo, permite afondar nun coñecemento reflexivo do mundo que nos rodea e manter unha relación aberta, dinámica, crítica e construtiva co noso contorno, todo o cal vai favorecer a autonomía persoal e a transición á vida adulta e activa do alumnado.

Nesa dirección, faise necesario incidir no feito de que a materia Artes Escénicas non ten unha dimensión profesional senón que se orienta ao desenvolvemento do potencial expresivo e creativo de mozas e mozos, á promoción dun coñecemento vivido e plural das artes escénicas coa finalidade de formar persoas autónomas, tolerantes, participativas, solidarias, creativas e libres, e cunha sólida cultura artística.

CONTIDOS

As artes escénicas no seu contexto histórico, social e cultural.

- Concepto e tipoloxía das artes escénicas.
- Artes escénicas e as grandes tradicións: Oriente e Occidente.
- As artes escénicas na súa historia: momentos fundamentais de desenvolvemento e transformación.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Elementos comúns nas artes escénicas: ficción, dramatización e teatralidade.
- Natureza, descrición e clasificación dos códigos de significación escénica.
- O mundo como representación e as representacións do mundo.
- As artes escénicas en Galicia.

A expresión e a comunicación escénica.

- Exploración e desenvolvemento harmónicos dos instrumentos expresivos da interpretación nos planos corporal, xestual, oral e rítmico-musical.
 - Estudo da escena como espazo significante e como colector de significantes.
 - Análise do papel e do personaxe: da conduta dramática á conduta teatral.
 - Exploración dos elementos básicos na ficción escénica: situación, personaxe, conflito e acción.
 - Exploración e desenvolvemento de procesos de análise, caracterización e construción de personaxes.
 - Exploración e dominio de técnicas para a creación da acción e da ficción escénica: xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.
 - Análise e uso creativo de recursos literarios e doutros materiais para a creación da acción e da ficción escénica.
- Exploración e uso de recursos plásticos: deseño da escena, deseño de útiles escénicos, deseño do personaxe a través da indumentaria e da caracterización, deseño da iluminación e do espazo sonoro.

A interpretación en artes escénicas.

- A interpretación na súa historia e nas grandes teorías do teatro.
- Paradigmas e escolas de interpretación.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Técnicas básicas de interpretación.
- Análise de personaxes a partir da situación, o conflito, a acción e dos seus obxectivos e funcións na ficción dramática e escénica.
- A partitura interpretativa: deseño e execución.
- A escenificación e a representación. Creación e difusión escénica.
- Espectáculo escénico. Concepto, características e modalidades: danza, circo, ópera, teatro.
- Tipoloxías básicas do espectáculo escénico: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, de interior, de rúa, cantado, bailado, falado.
- Outras formas de presentación escénica: *hap.ning*, *performance*, vídeo-teatro e teatro-danza.
- O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.
- A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico.
- A produción e a realización dun proxecto de creación escénica.
- A dirección de escena de proxectos escénicos.
- Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización. -Exhibición e distribución de produtos escénicos.
- Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.

A recepción de espectáculos escénicos.

- Público. Concepto e tipoloxías.
- Aspectos fundamentais nos procesos de recepción.
- Análise e comentario de espectáculos escénicos.
- A crítica escénica nos seus rexistros, modalidades e espazos básicos.
- Crítica das representacións da realidade e dos discursos dramático e teatral.
- A crítica escénica en Galicia.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

4.- TEMPORALIZACIÓN

O plantexamento consensuado co alumnado que cursa esta materia dun único proxecto para todo o curso, será o eixo que articule os diferentes contidos enunciados anteriormente. De modo que, se ben se abordará no inicio a contextualización das Artes Escénicas a nivel de expresión, comunicación, de historia, técnicas e principais escolas e correntes, será o propio ritmo de maduración e desenvolvemento do proxecto seleccionado o que marque o pulso da actualización dos diferentes aspectos conceptuais anteriormente enunciados, e a súa concreción na praxe e aplicación diaria.

Simultaneamente, e de maneira paralela a este desenvolvemento da capacidade de interpretación expresión escénicas, tamén a modo de corrente transversal, faráse continua e conscientemente presente ao longo de todo o proceso o outro lado da produción escénica, o ineludible aspecto que se refire á recepción do espectáculo (as posibles visións e aportacións do tándem crítica/público), que actuará como catalizador tanto do propio proceso de plasmación e crecemento escénicos como do seu resultado final.

5.- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

As liñas preferentes de traballo na aula están orientadas á aplicación práctica dos conceptos e procedementos considerados en cada bloque temático, de xeito que as actividades prácticas sirvan como detonante para a integración dos coñecementos teóricos explicados e para que os coñecementos teóricos, á súa vez, teñan sempre unha dimensión práctica. Unha metodoloxía activa, que mobilice os integrantes do grupo, nos planos individual e colectivo, e potencie unha actitude investigadora e crítica para promover a adquisición e a construción do coñecemento nunha perspectiva integradora, reflexiva e crítica.

Os principios formulados deben ter en conta a importancia da selección das actividades da aula e das tarefas que se deben asignar en cada actividade. Por iso, as actividades da aula deben programarse e desenvolverse en función dos seguintes parámetros:

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Seleccionar actividades variadas, con diferente grao de complexidade, establecendo unha secuencia axeitada, de tal maneira que se recollan actividades de introdución, de exploración, de aplicación, de síntese e de integración en proxectos de creación escénica.
- Partir, sempre que sexa posible, de situacións problemáticas abertas, buscar o consenso decidir como precisalas.
- Potenciar a dimensión colectiva da actividade de aprendizaxe.
- Programar actividades que permitan mostrar, analizar e contrastar as propias ideas e experiencias, así como as destrezas, capacidades e competencias xa adquiridas polo alumnado.
- Escoller actividades que permitan a interacción entre a estrutura da disciplina e a estrutura cognitiva do alumnado.
- Propoñer actividades que favorezan a autonomía, a iniciativa persoal e a creatividade, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación co obxectivo de que o alumnado realice pequenos traballos de indagación e investigación, tanto no plano teórico como no plano da praxe escénica.
- Propoñer actividades que permitan integrar todos os coñecementos que se van adquirindo, tanto no marco da disciplina como desde unha perspectiva máis globalizadora e interdisciplinaria.
- Realizar de forma permanente actividades que permitan que o grupo, tanto no plano individual coma no colectivo, faga unha avaliación continua do traballo realizado, a través de postas en común, memorias, diarios e outros recursos de recollida de datos, vivencias ou experiencias.
- Realizar periodicamente mostras de traballo no marco do grupo ou do propio Centro, en tanto que os espectáculos ao vivo constitúen un ámbito fundamental no exercicio profesional das artes escénicas e musicais.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Demostrar un coñecemento sólido e crítico dos conceptos fundamentais das artes escénicas. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para diferenciar cada unha das artes escénicas en función dos seus elementos de caracterización máis básicos e pertinentes.
2. Identificar, comprender e explicar as características das diferentes formas de representación e de espectáculo escénico, nunha perspectiva histórica e sincrónica.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Con este criterio débese comprobar se o alumnado coñece e valora a xénese e a evolución histórica das diferentes modalidades de representación, se identifica os diferentes tipos de espectáculo escénico, con especial atención aos propios do seu contorno, sempre a partir dos seus trazos distintivos. Ao tempo tamén se valora a capacidade que as mozas e mozos teñan para usar adecuadamente fontes de documentación en procesos básicos de indagación e investigación.

3. Mostrar motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas, funcións e responsabilidades en proxectos colectivos.

Este criterio busca valorar a implicación no traballo diario da aula e a participación activa nas diferentes actividades e tarefas propias dos procesos de aprendizaxe.

4. Mostrar as capacidades expresivas e creativas necesarias para a recreación da acción dramática e dos elementos que a configuran.

Mediante este criterio débese avaliar o proceso persoal e colectivo de desenvolvemento de capacidades expresivas, creativas, de comunicación e recepción, así como a dispoñibilidade e implicación para a súa mellora a través do traballo individual e colectivo.

5. Coñecer e utilizar as diferentes técnicas para o deseño de personaxes e a configuración de situacións e conflitos. Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para construír personaxes e situalos en todo tipo de situacións, coa finalidade de desenvolver as accións que lles son propias e elaborar e resolver os seus conflitos, nun proceso permanente de traballo colectivo.

6. Identificar, valorar e saber utilizar os diferentes estilos escénicos e paradigmas na interpretación. Con este criterio valórase a capacidade de utilizar diferentes formas de crear mundos dramáticos en función de criterios estéticos e artísticos. Ao tempo, débese valorar a capacidade para usar os recursos expresivos dispoñibles, en especial a capacidade para a construción de personaxes a partir dos criterios expresivos e estéticos de cada paradigma interpretativo e de cada estilo escénico.

7. Coñecer e comprender os procesos e fases presentes nun proxecto de escenificación, identificando e valorando tarefas, funcións e responsabilidades de cada persoa creadora no ámbito individual.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Este criterio busca comprobar a capacidade para participar activamente no deseño e realización dun proxecto escénico, identificando os papeis e as actividades propias de cada función, para o seu cumprimento efectivo.

8. Participar no deseño e realización de proxectos de creación e difusión escénica, asumindo papeis diferentes. Cómpre valorar con este criterio a capacidade de implicación nos procesos de

realización e exhibición de espectáculos, asumindo papeis diferentes en cada un deles e desempeñando cada función con rigor, responsabilidade e eficacia.

9. Analizar e comentar, con actitude reflexiva e espírito crítico, todo tipo de textos dramáticos e espectáculos teatrais, identificando e valorando as súas características singulares e os seus presupostos artísticos.

Con este criterio avalíase a capacidade de análise e comentario crítico dos produtos escénicos que se presentan no contorno inmediato ou cultural do alumnado, utilizando as estratexias analíticas máis adecuadas en cada caso. Ao tempo tamén se busca comprobar a relacións que se establecen entre os produtos e o seu contexto, mostrando así respecto e tolerancia pola diversidade nos eidos da creación e da difusión.

7.- INSTRUMENTOS e CRITERIOS de CUALIFICACIÓN

O principal instrumento para avaliar o proceso de aprendizaxe co que conta @ profesor/a desta materia é, como se pode deducir do anteriormente exposto, a propia obsevación e rexistro do traballo individual e grupal desenvolto, así como das propostas, iniciativas e grao de consecución e perfeccionamento da interpretacións, a implicación e regularidade, o progreso dentro do proxecto común e único anteriormente apuntado. @ alumn@ accederá a unha avaliación positiva en Artes Escénicas sempre e canto obteña unha cualificación mínima de 5 sobre 10 no conxunto dos

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

criterios de avaliación previamente enunciados, e que reflexará o seu nivel de resposta (sempre co horizonte daqueles) ás demandas que o proxecto seleccionado vaia requiring.

Os instrumentos e criterios de avaliación aplicaránse seguindo o criterio d@ docente que imparte a materia, da seguinte maneira:

Desenvolvemento individual dos proxectos (estes traballos serán propostos pol@ profesor/a, baseándose nos criterios da Programación).

-Presentación de cada traballo en tempo e forma, ata dous puntos máximo (@ alumn@ contará con dúas semanas, mínimo, para elaborar un proxecto de guión e expoñelo na clase.

-Exposición en clase e xustificación do seu proxecto, ata un punto máximo.

-Posta en práctica do seu proxecto (con alumnos/as compañeiros da materia ou individual), ata dous puntos máximo.

-Participación en proxectos propostos polos compañeiros/as ata un punto máximo.

Traballos extra: innovacións artísticas, propostas tecnolóxicas, guións orixinais con posibilidade de representación escénica, ata dous puntos

Representación pública dun proxecto artístico, como actor/actriz, músico, técnico de son, iluminación etc..., ata dous puntos.

8.- CONTIDOS MÍNIMOS

As artes escénicas no seu contexto histórico, social e cultural.

-As artes escénicas na súa historia: momentos fundamentais de desenvolvemento e transformación.

-Elementos comúns nas artes escénicas: ficción, dramatización e teatralidade.

- Concepto e tipoloxía das artes escénicas.

A expresión e a comunicación escénica.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Exploración e desenvolvemento harmónicos dos instrumentos expresivos da interpretación nos planos corporal, xestual, oral e rítmico-musical.
- Estudo da escena como espazo significativa e como colector de significantes.
- Análise do papel e do personaxe: da conduta dramática á conduta teatral.
- Exploración dos elementos básicos na ficción escénica: situación, personaxe, conflito e acción.
- Exploración e desenvolvemento de procesos de análise, caracterización e construción de personaxes.
- Exploración e dominio de técnicas para a creación da acción e da ficción escénica: xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.
- Análise e uso creativo de recursos literarios e doutros materiais para a creación da acción e da ficción escénica.
- Exploración e uso de recursos plásticos: deseño da escena, deseño de útiles escénicos, deseño do personaxe a través da indumentaria e da caracterización, deseño da iluminación e do espazo sonoro.

A interpretación en artes escénicas.

- Técnicas básicas de interpretación.
- Análise de personaxes a partir da situación, o conflito, a acción e dos seus obxectivos e funcións na ficción dramática e escénica.
- O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.
- A produción e a realización dun proxecto de creación escénica.

Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización.

- Exhibición e distribución de produtos escénicos.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

A recepción de espectáculos escénicos.

- Aspectos fundamentais nos procesos de recepción.
- Análise e comentario de espectáculos escénicos.

3.- CONTIDOS

Os contidos da materia estrutúranse en cinco grandes bloques. O primeiro debe proporcionarlle ao alumnado unha visión de conxunto das artes escénicas en tanto manifestacións de natureza artística, social e cultural, que presentan unha considerable pluralidade, partindo de dúas perspectivas fundamentais: a histórica e a xeográfica, desde as que tomar conciencia da diversidade, na sincronía e na diacronía.

O segundo oríentase ao desenvolvemento das capacidades expresivas e creativas por medio dun conxunto de actividades cunha dimensión fundamentalmente práctica, que permitan a exploración, análise e utilización dos diferentes sistemas, medios e códigos de significación escénica.

O terceiro bloque ocúpase das destrezas, capacidades e habilidades expresivas coa finalidade de abordar a recreación e representación da acción dramática a partir dos máis variados estímulos, en proxectos de traballo orientados á construción de escenas en que se recreen todo tipo de personaxes, situacións e conflitos. O cuarto bloque ten carácter integrador, en canto nel van confluír as aprendizaxes realizadas nos bloques anteriores.

O proceso de traballo arredor das pautas de comentario, análise e interpretación de textos, sexan dramáticos ou doutro tipo, dos procedementos da dramaturxia e do estudo práctico das diferentes tipoloxías de espectáculo debe culminar coa realización dun proxecto global de posta en escena dun espectáculo concreto, establecendo e estruturando os elementos de significación que se utilizarán e as relacións entre eles.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Ese proceso de creación escénica tamén require da organización e planificación dos ensaios e dunha distribución de tarefas entre equipos de traballo diversos que se ocuparán da realización práctica do espectáculo. Trátase, pois, de exemplificar, con casos concretos, o camiño que leva do texto ao espectáculo, e o papel que terán que desempeñar os integrantes da nómina teatral, coas súas funcións e responsabilidades. Por último, o quinto bloque está orientado ao desenvolvemento de competencias na análise, comentario e interpretación de espectáculos escénicos.

Partindo do concepto de público, e en función da evidente dimensión colectiva e social da recepción escénica, deberá abordarse o estudo dos instrumentos e estratexias analíticas propias do proceso de recepción a partir de casos prácticos que permitan organizar debates e confrontar opinións, coa finalidade de potenciar unha lectura reflexiva, crítica e colectiva do acontecer artístico e cultural, realizada con rigor e coherencia e prestando especial atención aos produtos escénicos xerados pola propia comunidade galega.

Cómpre potenciar por igual o saber, o saber facer e o saber ser, utilizando un amplo abano de coñecementos, técnicas, recursos e actividades que incidan favorablemente na adquisición dun capital cultural e dunha cultura escénica abondas. Ao mesmo tempo, a través das diferentes modalidades de expresión escénica pódese recrear todo tipo de problemas, situacións e conflitos, mentres que a análise e elaboración de discursos, sexan artísticos, ideolóxicos, sociais ou doutro tipo, permite afondar nun coñecemento reflexivo do mundo que nos rodea e manter unha relación aberta, dinámica, crítica e construtiva co noso contorno, todo o cal vai favorecer a autonomía persoal e a transición á vida adulta e activa do alumnado.

Nesa dirección, faise necesario incidir no feito de que a materia Artes Escénicas non ten unha dimensión profesional senón que se orienta ao desenvolvemento do potencial expresivo e creativo de mozas e mozos, á promoción dun coñecemento vivido e plural das artes escénicas coa finalidade de formar persoas autónomas, tolerantes, participativas, solidarias, creativas e libres, e cunha sólida cultura artística.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

CONTIDOS

As artes escénicas no seu contexto histórico, social e cultural.

- Concepto e tipoloxía das artes escénicas.
- As artes escénicas e as grandes tradicións: Oriente e Occidente.
- As artes escénicas na súa historia: momentos fundamentais de desenvolvemento e transformación.
- Elementos comúns nas artes escénicas: ficción, dramatización e teatralidade.
- Natureza, descrición e clasificación dos códigos de significación escénica.
- O mundo como representación e as representacións do mundo.
- As artes escénicas en Galicia.

A expresión e a comunicación escénica.

- Exploración e desenvolvemento harmónicos dos instrumentos expresivos da interpretación nos planos corporal, xestual, oral e rítmico-musical.-Estudo da escena como espazo significante e como colector de significantes.-Análise do papel e do personaxe: da conduta dramática á conduta teatral.
- Exploración dos elementos básicos na ficción escénica: situación, personaxe, conflito e acción.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

-Exploración e desenvolvemento de procesos de análise, caracterización e construción de personaxes.

-Exploración e dominio de técnicas para a creación da acción e da ficción escénica: xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.

-Análise e uso creativo de recursos literarios e doutros materiais para a creación da acción e da ficción escénica.

-Exploración e uso de recursos plásticos: deseño da escena, deseño de útiles escénicos, deseño do personaxe a través da indumentaria e da caracterización, deseño da iluminación e do espazo sonoro.

A interpretación en artes escénicas.

- A interpretación na súa historia e nas grandes teorías do teatro.-Paradigmas e escolas de interpretación.

- Técnicas básicas de interpretación.

- Análise de personaxes a partir da situación, o conflito, a acción e dos seus obxectivos e funcións na ficción dramática e escénica.

- A partitura interpretativa: deseño e execución.

- A escenificación e a representación. Creación e difusión escénica.

- Espectáculo escénico. Concepto, características e modalidades: danza, circo, ópera, teatro.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Tipoloxías básicas do espectáculo escénico: clásico, de vangarda, corporal, occidental, oriental, de obxectos, musical, de interior, de rúa, cantado, bailado, falado.
- Outras formas de presentación escénica: *hap.ning*, *performance*, vídeo-teatro e teatro-danza.
- O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.
- A dramaturxia no deseño dun proxecto escénico.
- A produción e a realización dun proxecto de creación escénica.
- A dirección de escena de proxectos escénicos.
- Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización. -Exhibición e distribución de produtos escénicos.
- Creación e difusión de produtos escénicos en Galicia.

A recepción de espectáculos escénicos.

- Público. Concepto e tipoloxías.
- Aspectos fundamentais nos procesos de recepción.
- Análise e comentario de espectáculos escénicos.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

-A crítica escénica nos seus rexistros, modalidades e espazos básicos.

-Crítica das representacións da realidade e dos discursos dramático e teatral.-A crítica escénica en Galicia.

4.- TEMPORALIZACIÓN

O plantexamento consensuado co alumnado que cursa esta materia dun único proxecto para todo o curso, será o eixo que articule os diferentes contidos enunciados anteriormente. De modo que, se ben se abordará no inicio a contextualización das Artes Escénicas a nivel de expresión, comunicación, de historia, técnicas e principais escolas e correntes, será o propio ritmo de maduración e desenvolvemento do proxecto seleccionado o que marque o pulso da actualización dos diferentes aspectos conceptuais anteriormente enunciados, e a súa concreción na praxe e aplicación diaria.

Simultaneamente, e de maneira paralela a este desenvolvemento da capacidade de interpretación e expresión escénicas, tamén a modo de corrente transversal, faráse continua e conscientemente presente ao longo de todo o proceso o outro lado da produción escénica, o ineludible aspecto que se refire á recepción do espectáculo (as posibles visións e aportacións do tándem crítica/público), que actuará como catalizador tanto do propio proceso de plasmación e crecemento escénicos como do seu resultado final. Este veráse concretado nun espectáculo ou produción artística que culminará coa súa presentación en público cara final de curso.

5.- ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

As liñas preferentes de traballo na aula están orientadas á aplicación práctica dos conceptos e procedementos considerados en cada bloque temático, de xeito que as actividades prácticas sirvan como detonante para a integración dos coñecementos teóricos explicados e para que os coñecementos teóricos, á súa vez, teñan sempre unha dimensión práctica. Unha metodoloxía activa, que mobilice os integrantes do grupo, nos planos individual e colectivo, e potencie unha actitude investigadora e crítica para promover a adquisición e a construción do coñecemento nunha perspectiva integradora, reflexiva e crítica.

Os principios formulados deben ter en conta a importancia da selección das actividades da aula e das tarefas que se deben asignar en cada actividade. Por iso, as actividades da aula deben programarse e desenvolverse en función dos seguintes parámetros:

- Seleccionar actividades variadas, con diferente grao de complexidade, establecendo unha secuencia axeitada, de tal maneira que se recollan actividades de introdución, de exploración, de aplicación, de síntese e de integración en proxectos de creación escénica.
- Partir, sempre que sexa posible, de situacións problemáticas abertas, buscar o consenso decidir como precisalas.
- Potenciar a dimensión colectiva da actividade de aprendizaxe.
- Programar actividades que permitan mostrar, analizar e contrastar as propias ideas e experiencias, así como as destrezas, capacidades e competencias xa adquiridas polo alumnado.
- Escoller actividades que permitan a interacción entre a estrutura da disciplina e a estrutura cognitiva do alumnado.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Propoñer actividades que favorezan a autonomía, a iniciativa persoal e a creatividade, incluíndo a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación co obxectivo de que o alumnado realice pequenos traballos de indagación e investigación, tanto no plano teórico como no plano da praxe escénica.
- Propoñer actividades que permitan integrar todos os coñecementos que se van adquirindo, tanto no marco da disciplina como desde unha perspectiva máis globalizadora e interdisciplinaria.
- Realizar de forma permanente actividades que permitan que o grupo, tanto no plano individual coma no colectivo, faga unha avaliación continua do traballo realizado, a través de postas en común, memorias, diarios e outros recursos de recollida de datos, vivencias ou experiencias.
- Realizar periodicamente mostras de traballo no marco do grupo ou do propio Centro, en tanto que os espectáculos ao vivo constitúen un ámbito fundamental no exercicio profesional das artes escénicas e musicais.

6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Demostrar un coñecemento sólido e crítico dos conceptos fundamentais das artes escénicas. Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para diferenciar cada unha das artes escénicas en función dos seus elementos de caracterización máis básicos e pertinentes.
2. Identificar, comprender e explicar as características das diferentes formas de representación e de espectáculo escénico, nunha perspectiva histórica e sincrónica. Con este criterio débese comprobar se o alumnado coñece e valora a xénese e a evolución histórica das diferentes modalidades de representación, se identifica os diferentes tipos de espectáculo escénico, con especial atención aos propios do seu contorno, sempre a partir dos seus trazos

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

distintivos. Ao tempo tamén se valora a capacidade que as mozas e mozos teñan para usar adecuadamente fontes de documentación en procesos básicos de indagación e investigación.

3. Mostrar motivación, interese e capacidade para o traballo en grupo e para a asunción de tarefas, funcións e responsabilidades en proxectos colectivos. Este criterio busca valorar a implicación no traballo diario da aula e a participación activa nas diferentes actividades e tarefas propias dos procesos de aprendizaxe.

4. Mostrar as capacidades expresivas e creativas necesarias para a recreación da acción dramática e dos elementos que a configuran. Mediante este criterio débese avaliar o proceso persoal e colectivo de desenvolvemento de capacidades expresivas, creativas, de comunicación e recepción, así como a dispoñibilidade e implicación para a súa mellora a través do traballo individual e colectivo.

5. Coñecer e utilizar as diferentes técnicas para o deseño de personaxes e a configuración de situacións e conflitos. Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para construír personaxes e situalos en todo tipo de situacións, coa finalidade de desenvolver as accións que lles son propias e elaborar e resolver os seus conflitos, nun proceso permanente de traballo colectivo.

6. Identificar, valorar e saber utilizar os diferentes estilos escénicos e paradigmas na interpretación. Con este criterio valórase a capacidade de utilizar diferentes formas de crear mundos dramáticos en función de criterios estéticos e artísticos. Ao tempo, débese valorar a capacidade para usar os recursos expresivos dispoñibles, en especial a capacidade para a construción de personaxes a partir dos criterios expresivos e estéticos de cada paradigma interpretativo e de cada estilo escénico.

7. Coñecer e comprender os procesos e fases presentes nun proxecto de escenificación, identificando e valorando tarefas, funcións e responsabilidades de cada persoa creadora no ámbito individual.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Este criterio busca comprobar a capacidade para participar activamente no deseño e realización dun proxecto escénico, identificando os papeis e as actividades propias de cada función, para o seu cumprimento efectivo.

8. Participar no deseño e realización de proxectos de creación e difusión escénica, asumindo papeis diferentes. Cómpre valorar con este criterio a capacidade de implicación nos procesos de realización e exhibición de espectáculos, asumindo papeis diferentes en cada un deles e desempeñando cada función con rigor, responsabilidade e eficacia.

9. Analizar e comentar, con actitude reflexiva e espírito crítico, todo tipo de textos dramáticos e espectáculos teatrais, identificando e valorando as súas características singulares e os seus presupostos artísticos. Con este criterio avalíase a capacidade de análise e comentario crítico dos produtos escénicos que se presentan no contorno inmediato ou cultural do alumnado, utilizando as estratexias analíticas máis adecuadas en cada caso. Ao tempo tamén se busca comprobar a relacións que se establecen entre os produtos e o seu contexto, mostrando así respecto e tolerancia pola diversidade nos eidos da creación e da difusión.

7.- INSTRUMENTOS e CRITERIOS de CUALIFICACIÓN

O principal instrumento para avaliar o proceso de aprendizaxe co que conta @ profesor/a desta materia é, como se pode deducir do anteriormente exposto, a propia obsevación e rexistro do traballo individual e grupal desenvolto, así como das propostas, iniciativas e grao de consecución e perfeccionamento das interpretacións e e aplicacións na práctica, a implicación e regularidade, o progreso dentro do proxecto anteriormente apuntado. @ alumn@ accederá a unha avaliación positiva en Artes Escénicas sempre e canto obteña unha cualificación mínima de 5 sobre 10 no conxunto dos criterios de avaliación previamente enunciados, e que reflexará o seu nivel de resposta (sempre co horizonte daqueles) ás demandas que o proxecto seleccionado vaia requiring.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- Os instrumentos e criterios de avaliación aplicaranse seguindo o criterio do docente que imparte a materia, da seguinte maneira:
- Desenvolvemento individual dos proxectos (estes traballos serán propostos polo profesor/a, baseándose nos criterios da Programación). (20%)
- Presentación de cada traballo en tempo e forma, ata dous puntos máximo (o alumno/a contará con dúas semanas, mínimo, para elaborar un proxecto de guión e expoñelo na clase. (20%)
- Exposición en clase e xustificación do seu proxecto, ata un punto máximo. (10%)
- Posta en práctica do seu proxecto (con alumnos/as compañeiros da materia ou individual), ata dous puntos máximo.
- Participación en proxectos propostos polos compañeiros/as ata un punto máximo. (10%)
- Traballos extra: innovacións artísticas, propostas tecnolóxicas, guións orixinais con posibilidade de representación escénica, ata dous puntos. (20%)
- Representación pública dun proxecto artístico, como actor/actriz, músico, produtor, técnico de son, iluminación etc..., ata dous puntos.

8.- CONTIDOS MÍNIMOS.

As artes escénicas no seu contexto histórico, social e cultural.

-As artes escénicas na súa historia; momentos fundamentais de desenvolvemento e transformación.

-Elementos comúns nas artes escénicas: ficción, dramatización e teatralidade.- Concepto e tipoloxía das artes escénicas.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

A expresión e a comunicación escénica.

-Exploración e desenvolvemento harmónicos dos instrumentos expresivos da interpretación nos planos corporal, xestual, oral e rítmico-musical.

-Estudo da escena como espazo significativa e como colector de significantes.

-Análise do papel e do personaxe: da conduta dramática á conduta teatral.

-Exploración dos elementos básicos na ficción escénica: situación, personaxe, conflito e acción.

-Exploración e desenvolvemento de procesos de análise, caracterización e construción de personaxes.

-Exploración e dominio de técnicas para a creación da acción e da ficción escénica: xogo dramático, improvisación, dramatización e creación colectiva.

-Análise e uso creativo de recursos literarios e doutros materiais para a creación da acción e da ficción escénica.

-Exploración e uso de recursos plásticos: deseño da escena, deseño de útiles escénicos, deseño do personaxe a través da indumentaria e da caracterización, deseño da iluminación e do espazo sonoro.

A interpretación en artes escénicas.

-Técnicas básicas de interpretación.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

-Análise de personaxes a partir da situación, o conflito, a acción e dos seus obxectivos e funcións na ficción dramática e escénica.

-O deseño dun espectáculo: equipos, fases e áreas de traballo.

-A produción e a realización dun proxecto de creación escénica.

Os ensaios: tipoloxía, finalidades e organización.

-Exhibición e distribución de produtos escénicos.

A recepción de espectáculos escénicos.

-Aspectos fundamentais nos procesos de recepción.

-Análise e comentario de espectáculos escénicos.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

3. MÚSICA EN BACHARELATO

LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL 1º BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN

A materia de Linguaxe e Práctica Musical concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na etapa educativa anterior, que lle permite ampliar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición dunha cultura musical sólida.

Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que lle axuden a comprender e a participar do feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical.

A expresión e a linguaxe musical son os dous ámbitos do coñecemento musical en torno aos que se organiza esta materia; está estruturada en cinco bloques ("Destrezas musicais", "A audición comprensiva", "A teoría musical", "A creación e a interpretación" e "As tecnoloxías aplicadas ao son"), que se deben presentar nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionados entre si, xa que estes ámbitos se complementan e interactúan; refórzanse e desenvólvense mutuamente.

A materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico.

Tal e como demostran numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado, ademais de favorecer o espírito de motivación e superación persoal.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético; tamén axudan o alumnado, da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, desenvolver o pensamento crítico e a converterse en

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

cidadáns e cidadás que actúen de xeito responsable e autónomo. En definitiva, a actividade musical, nas súas diversas facetas, favorece as capacidades sociais e expresivas d@s alumn@s e das alumnas.

2. OBXECTIVOS

Recollemos os obxectivos que sinala a LOMCE (obxectivos específicos para 1º de Bacharelato):

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade.

j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

ñ) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado. Os obxectivos pormenorizados por unidades son os seguintes (enunciamos exclusivamente as siglas, evitando reiteracións innecesarias):

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

3. UNIDADES: RELACIÓN COMPETENCIAS/CONTIDOS/ESTÁNDARES.

UNIDADES	OBXECTIVOS
UNIDADE 1: A VOZ E AS SUAS CUALIDADES	c,d,e,f,g,i,m,n,ñ,p
UNIDADE 2: ELEMENTOS MUSICAIS	b,d,e,f,i,n,ñ
UNIDADE 3: AS GRAFÍAS MUSICAIS	d,i,n
UNIDADE 4: A CREACIÓN MUSICAL	a,b,c,d,h,i,l,m
UNDADE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON	d,e,f,g,h,i,l,m,n

UNIDADE 1: A VOZ E AS SUAS CUALIDADES

COMPETENCIAS CLAVE

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Conciencia e expresións culturais

CONTIDOS

*O aparello fonador e o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.

*A articulación do sons e os seus ataques.

*Os intervalos melódicos e harmónicos.

*Interiorización do pulso.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

*Lectura de partituras musicais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- (LPMB1.1.1.) Coñece os órganos e as función do aparello fonador.
- (LPMB1.1.2.) Realiza correctamente exercicios de respiración, relaxación, articulación e fraseo.
- (LPMB1.1.3.) Entoa afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.
- (LPMB1.2.1) Reproduce e identifica intervalos.
- (LPMB1.3.1.) Interpreta vocalmente estruturas rítmicas sentindo internamente o pulso.
- (LPMB1.3.3.) Practica a lectura e a escritura musical.

UNIDADE 2: ELEMENTOS MUSICAIS

COMPETENCIAS CLAVE:

- Comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Competencias sociais e cívicas
- Conciencia e expresións culturais

CONTIDOS:

*O pulso e os acentos.

*Os compases binarios, ternarios e cuaternarios.

*Fórmulas rítmicas básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario.

*Síncopas, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás e grupos de valoración especial.

*Características morfolóxicas básicas das obras de música culta e obras contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo.

*Tipos de escalas, acordes maiores e menores, cadencias, música modal e tonal.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

* Tipos de texturas musicais e timbres instrumentais.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- (LPMB2.1.1.) Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás.
- (LPMB2.1.1.) Logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite unha axeitada execución musical.
- (LPMB2.2.1.) Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais e tímbricos das obras escoitadas.
- (LPMB2.2.3.) E scoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco.

UNIDADE 3: AS GRAFÍAS MUSICAIS

COMPETENCIAS CLAVE:

- Comunicación lingüística
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Aprender a aprender
- Conciencia e expresións culturais

CONTIDOS:

*As grafías das fórmulas rítmicas: signos que modifican a duración.

*As grafías relativas á expresión musical: á dinámica, ao tempo, á agónica e a articulación musical.

* As grafías contemporáneas.

*As claves e a súa relación entre si.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- (LPMB3.1.1.) Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

- (LPMB3.1.2.) Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.

UNIDADE 4: A CREACIÓN MUSICAL

COMPETENCIAS CLAVE:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Aprender a aprender
- Competencias sociais e cívicas
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor
- Conciencia e expresións culturais

CONTIDOS:

- *A improvisación, tanto individual como colectiva de breves melodías.
- * A memorización de obras musicais vocais.
- *Os procesos compositivos mais habituais.
- *A expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- (LPMB4.1.1.) Improvisa fórmulas rítmicas acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.
- (LPMB 4.3.1) Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización e capacidade expresiva.
- (LPMB 4.4.2.) Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

UNIDADE 5: AS TECNOLOXÍAS APLICADAS AO SON

COMPETENCIAS CLAVE:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
- Competencia dixital
- Aprender a aprender

CONTIDOS:

- * O son como fenómeno físico-harmónico. O movemento ondulatorio. Transmisión e amortecemento do son.
- * A manipulación artificial do son nos instrumentos electrónicos.
- * Sinal analóxico e sinal dixital.
- * Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.
- * Software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.
- * Os sistemas de gravación analóxica ou dixital.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

- (LPMB 5.1.1.) Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores e software para aplicacións audiovisuais.
- (LPMB5.2.2) Utiliza os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e aprendizaxe do feito musical.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO	PROCEDEM./ INSTRUM. AVALIACIÓN
LPMB1.1.1.Coñece os órganos e as función do aparello fonador.	1 vez por avaliación.	Coñece os órganos e as función do aparello fonador.	Tarefa de clase e exame de avaliación.
LPMB1.1.2.Realiza correctamente exercicios de respiración, relaxación, articulación e fraseo.	1 vez por avaliación.	Exercita a voz de xeito elemental.	Tarefa de clase.
LPMB1.1.3.Entoa afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura.	2 ou 3 veces por avaliación.	Canta entoando correctamente un tema.	Tarefa de clase.
LPMB1.2.1Reproduce e identifica intervalos.	Sempre.	Reproduce e identifica intervalos.	Tarefa de clase e traballo de avaliación.
LPMB1.3.1.Interpreta vocalmente estruturas rítmicas sentindo internamente o pulso.	Sempre.	Entoa cun ritmo axeitado.	Tarefa de clase.
LPMB1.3.3.Práctica a lectura e a escritura	Sempre.	Interpreta correctamente	Tarefa de clase e traballo de avaliación.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

musical.		unha partitura.	
LPMB2.1.1.Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás.	Sempre.	Interioriza os ritmos básicos.	Tarefa de clase.
LPMB2.1.1.Logra unha correcta interiorización do pulso que lle permite unha axeitada execución musical	Sempre.	Interioriza os ritmos básicos.	Tarefa de clase.
LPMB2.2.1.Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais e tímbricos das obras escoitadas.	2 veces por avaliación.	Relaciona e contextualiza as obras musicais dun xeito pormenorizado.	Tarefa de clase.
LPMB2.2.3.Escoita e reconece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco.	2º veces por avaliación.	Relaciona e contextualiza as obras musicais.	Tarefa de clase e traballo de avaliación.
LPMB3.1.1.Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co	Sempre.	Escribe e identifica elementos	Tarefa de clase, traballo e exame de avaliación.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

ritmo e coa expresión musical.		musicais nas partituras propostas.	
LPMB3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.	1 vez por avaliación.	Escribe e identifica elementos musicais en partituras	Tarefa de clase, traballo e exame de avaliación.
LPMB4.1.1. Improvisa fórmulas rítmicas acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.	1 vez por avaliación.	Improvisa sobre células rítmicas básicas.	Tarefa de clase e traballo de avaliación.
LPMB 4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización e capacidade expresiva.	Sempre.	Interpreta sen partitura diferentes propostas.	Tarefa de clase.
LPMB 4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra.	1 vez por avaliación.	Crea unha danza con coreografía básica.	Tarefa de clase e traballo de avaliación.
LPMB4.1.1. Improvisa fórmulas rítmicas acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.	2 veces por avaliación.	Improvisa sobre células rítmicas básicas.	Tarefa de clase.
LPMB 5.1.1. Utiliza	1 vez por avaliación.	Manexa a	Tarefa de clase, traballo e

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

correctamente editores de partituras, secuenciadores e software para aplicacións audiovisuais.		tecnoloxía e os programas informáticos especificamente musicais.	exame de avaliación.
LPMB5.2.2 Utiliza os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e aprendizaxe do feito musical.	1 vez por avaliación.	Manexa a tecnoloxía e os programas informáticos aplicándoos tanto na música coma no audiovisual.	Tarefa de clase, traballo e exame de avaliación.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Para estas materias seguimos a mesma metodoloxía que a referida en Música 2º ESO e Música 4º ESO. Remitímonos, polo tanto, ó apartado correspondente. O aspecto troncal diferenciador no Bacharelato é o obxectivo de conseguir no alumnado unha autonomía e responsabilidade crecentes no seu desenvolvemento académico e persoal.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

6. TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE: Unidade 2 e 3.

2º TRIMESTRE: Unidade 4.

3º TRIMESTRE: Unidade 5.

A Unidade Nº 1 será desenvolva ao longo dos tres trimestres de maneira práctica a gradual..

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os recursos que se precisan non difiren dos empregados nos outros niveis; polo tanto, nos remitimos a este mesmo apartado por evitar a reiteración dos mesmos.

8. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO (artigo 3.7 Orde 24/06/2008)

Para matricularse e asistir ás materias que o Departamento presenta en 1º de Bacharelato, o alumnado non precisa demostrar ningún coñecemento previo en particular, polo que non resulta preceptivo que realice ningún tipo de proba específica. Ben é verdade que sí a levamos a cabo para partir dunha base de coñecementos real e común. Trátase dunha proba non puntuable que segue unha estrutura bipartita:

A) Parte teórica: plantéxanse conceptos básicos de Linguaxe Musical (lectura en clave de sol), de melodía, harmonía, ritmo, texturas e estruturas formais elementais;

B) Parte práctica: @ alumn@ interpretará unha peza instrumental e unha vocal, á súa elección, e co instrumento ou instrumentos que seleccione.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A promoción do alumnado dependerá do que estipule a xunta avaliadora, seguindo as modificacións que a LOMCE fai á LOE.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Os CRITERIOS de CUALIFICACIÓN son os que seguen, tendo en conta o seguinte:

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DOS ESTÁNDARES para esta materia:

@ profesor/a decide otorgar o 5.88% a cada un dos 17 establecidos para esta materia de 1º de Bacharelato. O alumnado deberá acadar un 50% de cada un deles para chegar minimamente á súa consecución.

Así pois, a nota de este curso desglosarase como segue:

A nota teórica (40%) inclúe un ou varios exames de avaliación no que @ alumn@ deberá responder solventemente a unha serie de cuestións teóricas e prácticas relativas á materia tratada na aula (parte teórica dos temas, audicións...).

A nota práctica (50%) terá a seguinte puntuación:

- a) Interpretación vocal e/ou instrumental (20%): integra actividades e exame de práctica vocal e/ ou instrumental (piano, láminas, fruta, pequena percusión ou outros). O alumnado executará estas tarefas salvo que acredite documentalmente algunha incapacidade para levalas a cabo. Realizaranse diferentes probas ó longo de cada unha das avaliacións.
- b) Teoría musical (20%): integra actividades e controis de seguimento da práctica musical con contidos tipo intervalos, tonalidades, acordes, actividades de solfexo... Procederáse á realización de diferentes probas ao longo de cada unha das tres avaliacións.
- c) Canto/danza (10%): integra actividades colectivas de execución coral, incorporando voz e/ ou movemento.

O 10% restante terá a seguinte puntuación:

- d) 5%: a actitude xeral cara á materia na clase.
- e) 5%: dedicación, esmero e perfección nos traballos realizados, ademais da nota específica dos mesmos.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Ademais, os estudantes teñen unha última oportunidade de aprobar a materia, na convocatoria extraordinaria de setembro, nunha única proba teórico-práctica fixada en día e hora pola Xefatura de Estudos do IES. Nela, cada un destes dous grandes aspectos aspectos será valorados ao 50%, e a cuailificación final será o resultado de calcular a media aritmética entre o conseguido na proba teórica e o resultado obtido na práctica.

10. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN PARA [ALUMN@S](#) COA MATERIA PENDENTES

O presente curso carecemos de alumnado que responda a estas características.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

ANÁLISE MUSICAL II. 2º BACHARELATO

1. INTRODUCCIÓN

a. Contextualización. Alumnado. Características.

A materia de Análise Musical II que se programa a continuación, forma parte do Bacharelato de Artes na modalidade de Artes Escénicas, Música e Danza, no seu segundo ano, e está dirixida este curso a@s alumn@s que xa cursaron en 1º Análise do propio Centro, e que superaron o curso.

b. Marco xurídico.

A programación de Análise Musical II, baséase nos preceptos contidos no Real Decreto 1467/2007 de 02 de novembro polo que se establece e ordena o currículo do Bacharelato así como no decreto específico da nosa Comunidade (o 86/2015 do 25 de xuño).

c. Prioridades establecidas no proxecto educativo.

Os criterios pedagóxicos que sustentan esta programación son os seguintes:

1. @ alumn@ é o centro da aprendizaxe.

Ser o centro significa que @ alumn@ non é un suxeito pasivo. Pola contra, ten que manter unha postura activa. Para acadar este obxectivo é fundamental o traballo do profesorado, que, na medida do posible, ten que contribuír a que todos @s alumn@s aprendan, adaptándose ás súas diferentes capacidades. Teremos, por tanto, que persuadir a@s alumn@s da importancia do seu papel activo na aula e motiva-los para que así sexa.

2. Priorización do proceso de aprendizaxe.

Por riba de calquera outra consideración, o proceso de ensinanza-aprendizaxe está no Centro de ensino. Isto implica avaliar o papel do profesorado como dinamizador do proceso e considerar o erro como un paso intermedio no mesmo.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

3. A aprendizaxe ha de ser global.

O estudante non debe acumular conceptos desligados entre sí, senón que é función do profesorado e dos materiais didácticos amosar a@s alumn@s a natureza interdisciplinar de todo o coñecemento e a súa aplicación na práctica da vida.

4. Visión constructivista da aprendizaxe.

A globalización e a perfección gradual dos coñecementos adquiridos, xustifican un modelo no que o esencial é partir daquilo que xa coñece.

A construción do coñecemento d@s alumn@s implica que se recoñezan como responsables do seu proxecto de aprendizaxe.

A inclusión de competencias básicas na nosa programación permitirá a enfatizar aquelas aprendizaxes que se consideran esenciais, dende un plantexamento integrador e orientado á aplicación dos saberes adquiridos. A adquisición destas competencias básicas, debe terse desenvolvido nun alumno ou nunha alumna ao final primeiro do ensino obrigatorio, e máis tarde no Bacharelato; isto o capacitará para poder acadar a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión de competencias básicas no currículo ten varias finalidades. En primeiro lugar, integrar os distintos aprendizaxe, tanto os formais relativos á Música, como os informais e os non formais. En segundo lugar, permitir a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con diferentes tipos de contidos e usalas de forma eficaz cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos. E, finalmente, orientar a enseñanza, xa que permiten identificar os contidos e criterios de avaliación, que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspiran as decisións relativas ao proceso de ensino e de aprendizaxe.

d. Características da materia.

O estudo desta materia ten como obxectivo coñecer e recoñecer a organización da linguaxe utilizada e as características sonoras (harmonía, melodía, ritmo, timbres, ritmos, formularios, etc.) para que o alumnado aprenda a disfrutar coa música e a analice desde unha perspectiva crítica. Esta, pretende afondar na percepción sonora das obras e observar como se reflicten na partitura, en contacto directo cos procedementos compositivos e creativos dos autores.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

Aínda que a análise musical pode ser abordada de moi diversos modos e dende moi diferentes puntos de vista, e, aínda que é posible analizar ailladamente cada parámetro musical nunha obra e, así realizar unha análise rítmica, harmónica, análise melódica, formal, textura, etc., é preferible que, utilizando estas análises parciais, a análise teña en conta todos os elementos analizables, e a partir da súa observación detida, relacionalos e comprender como debe soar a obra e por que; cales os procedementos utilizados polo autor e que efecto consegue en nós como oíntes; que dirección toma a música en cada momento; que tipo de "xogo" establece o compositor.

A partitura é un guión, moitas veces imperfecto pola imposibilidade de reflexar sobre o papel todo o que o compositor desexa; un guión que hai que interpretar. E sen a interpretación musical a obra musical non existe, xa que se manifesta cando soa e chega ao público, ao oínte. Por todo iso, óptase porque o estudo da materia nesta etapa formativa se fundamente principalmente na súa dimensión auditiva e non tanto no traballo de con partituras, se ben non debe ser descartada esa posibilidade. O importante non é o que se ve na puntuación, senón o que o oínte escoita. Ver cos oídos e escoitar cos ollos -dito metaforicamente- é unha das aspiracións dos músicos: ver unha partitura e como soa e escoitar unha obra e saber como está realizada, e mesmo ser capaz de transcribila. O enfoque dado á Análise Musical do Bacharelato pretende profundizar na percepción sonora das obras, e, se é caso, observar como é reflectida na partitura.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento de capacidades recollidas nos obxectivos h) coñecer e valorar criticamente a realidade do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución l) valorar o patrimonio artístico e desenvolver a sensibilidade artística. Así mesmo, contribúe, como o resto das materias, o desenvolvemento doutras capacidades recollidos nos obxectivos a), b), c), e), f), i) e j).

A través desta asignatura o alumnado desenvolve as competencias artísticas e culturais, sociais e cidadás. Ademais, hai unha mellora no tratamento da información e a competencia dixital, no nivel de autonomía e a capacidade de emprender, a comunicación lingüística e a competencia emocional. Esta materia contribúe a desenvolver actitudes favorables á relación, á cooperación, á solidariedade, á non discriminación, á participación e ao apoio; a promover prácticas eficaces de planificación, traballo en equipo, apertura, flexibilidade, pensamento creativo, esforzo e rigor no traballo, estima e respecto para producións diferentes culturas.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

2. COMPETENCIAS

Contribución de Análise Musical II á adquisición de competencias básicas. O carácter integrador da Música, fai que a súa aprendizaxe contribúa á adquisición das seguintes competencias básicas:

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

A materia de Análise Musical II contribúe de forma directa á adquisición da competencia cultural e artística en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas e expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto ás distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos sociais e históricos aos que se circunscribe cada obra.

A orientación desta materia, na que a expresión xoga un papel importante, permite adquirir habilidades para expresar ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa e tamén unha mellor comprensión do feito musical que permite a súa consideración como fonte de pracer e enriquecemento persoal.

AUTONOMÍA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

Colabora ao desenvolvemento da Competencia de autonomía e espírito emprendedor, mediante o traballo participativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. Os traballos de investigación son un claro exemplo de actividade que require dunha planificación previa e de tomaa de decisións para obter os resultados desexados.

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

A materia de Análise musical II contribúe tamén á Competencia social e cidadá. A participación en actividades musicais de distinta índole, colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias musicais colectivas dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as propias accións coas dos outros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa achega ao progreso da humanidade e con iso a valoración dos demais e os trazos da sociedade en que se vive.

TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

Esta materia tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do «hardware» e o «software» musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais, a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

COMPETENCIA EMOCIONAL

A materia de Análise musical I tamén contribúe ao desenvolvemento da Competencia emocional, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma, tales como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise. Por unha banda, a audición musical necesita unha escoita reiterada para chegar a coñecer unha obra, recoñecela e identificar os seus elementos.

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

Respecto de a Competencia en comunicación lingüística, esta materia contribúe, do mesmo xeito que outras, a enriquecer os intercambios comunicativos e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e a linguaxe verbal, así como á valoración do enriquecemento que esta interacción xera.

PROGRAMACIÓN DO CURSO 2019-2020

3. OBXECTIVOS

a. Obxectivos Xerais.

1.-Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e que favoreza a sostibilidade.

2.-Consolidar unha madurez persoal e social que permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o espírito crítico do alumnado; prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

3.-Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

4.-Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

5.-Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, as linguas castelá e galega.

